

Tempo Novo de Elviña e Castro

Elvinam

Caderno Cultural / Nº1 / 2020



Foto de portada: Manuel Bouzón

Deseño e Maquetación: Laura Decibreiro

Imprime: Alva Servicios Gráficos

Edición: Asociación Cultural e Recreativa Tempo Novo de Elviña e Castro

Depósito Legal: C 1752-2020

Este caderno foi financiado en boa parte a cargo dunha subvención da Deputación da Coruña

PRESENTACIÓN

Son máis de corenta anos de percorrido cultural de Tempo Novo de Elviña e Castro. Durante este tempo o local social desenvolveu moitas actividades e moi diversas, porque catro décadas dan para moito. Na nosa casa da cultura acollemos as máis variadas expresións culturais, con música, baile, imaxe, teatro, conferencias... en definitiva cultura.

Elviña é un centro de cultura na que recibimos e aportamos. E xa antes de que o proxecto Tempo Novo botase a andar a cultura corría por Elviña e Castro. En certo modo aspectos da nosa cultura traspasaron fronteiras. A cidade na que viviron os nosos antergos, o castro celta, é coñecido internacionalmente e a liorta que tivo lugar en Elviña entre os exércitos de Napoleón e as tropas británicas tamén é internacionalmente coñecida.

Moito se ten escrito sobre Elviña e Castro e moi pouco se escribiu sobre a xente de Elviña e Castro. Queremos abordar un caderno escrito pola nosa xente para a nosa xente. Neste caderno pretendemos falar de nós e da nosa memoria colectiva, sen prestar atención aos grandes monumentos e aos grandes eventos que aconteceron na nosa terra e que son de sobra coñecidos.

O caderno que tedes nas vosas mans leva por título Elvinam, o nome da Elviña de hai case mil anos, na que viviu a xente que nos precedeu e que deu lugar á aldea de Elviña actual, na que vivimos ou nacemos. Queremos agradecer a participación de tódalas persoas, que tanto escribindo como narrando as súas vivencias, colaboraron para que este caderno saíse para adiante.

Agardamos que este proxecto editorial de traballar sobre a nosa memoria colectiva perdure moitos anos.

SUMARIO

- P04 — Como cambian os tempos
- P09 — Castro
- P11 — Banda de Gaitas Os Rexumeiros
- P16 — Historia para gardar na memoria
- P18 — Ao amor virarme as costas tiven frío
- P19 — Poema de nantronte
- P20 — Nachortas
- P22 — A palla no ollo alleo
- P24 — Relámpago de Elviña
- P29 — O Primeiro Magosto
- P33 — Tempo Novo, a historia dun ben colectivo
- P39 — Un lugar no mundo chamado Elviña
- P42 — Historias de vida de Elviña
- P50 — A propósito dos Rexumeiros
- P52 — A nosa memoria como Pobo
- P56 — Nas Corredoiras do Trasno
- P62 — Foto do equipo de fútbol
- P63 — Elviña 1920



COMO CAMBIAN OS TEMPOS

Carlos García Casás

Unha tarde de finais de marzo do ano pasado, aproveitando que facía bo tempo e que o lugar estaba especialmente bonito, cheo do branco das flores dos abruños, un grupo de amigos, entre os que había algúns membros da directiva de Tempo Novo, fomos dar un paseo polos arredores do Castro de Elviña. Camiñando e conversando, xurdiu a idea de que estaría ben que a Sociedade organizase unha actividade para contarlles aos nenos e ás nenas de agora como era a vida cando nós eramos pequenos, sobre todo nas aldeas, lugares nos que os cambios se deron con máis intensidade. Ademais, eran os que mellor coñeciamos, Elviña e Castro, nos anos 60 eran aldeas, e outros que non nacemos aquí tamén nos criamos en aldeas.

No grupo ía Armando, un amigo meu que tamén fora mestre. A actividade pareceunos moi interesante aos dous e puxémonos de acordo para darlle forma e levala ás escolas da cidade e dos arredores.

Primeiro planificámola e, como nos parecía importante, buscamos tamén a colaboración da Mesa pola Normalización Lingüística, preparamos o material e despois ofrecémoslla ás escolas.

Como obxectivo principal propuxémonos **que os nenos e nenas coñecesen como era a vida nunha aldea da Galiza nos anos 60.**

Abarcando os seguintes aspectos:

A alimentación: alimentos, produción, elaboración, comercio...

Neste punto falamos, entre outras cousas, de que había un contacto estreito cos alimentos, en canto ás prantas desde que se sementaban ata que se recollían e, en canto aos animais desde que nacían ata que se consumían.

Explicámoslles o proceso de transformación dos cereais en pan, dos muiños e dos fornos.

Tamén lles contamos que a maioría das familias nas aldeas eran case autosuficientes, tiñan que comprar moi poucas cousas: bacallau, arenques, aceite, sal, azucre...

A froita aproveitábase toda e a que se podía gardar, gardábase, para consumir máis adiante.

O peixe fresco levábano ás aldeas os peixeiros e peixeiras, andando, a cabalo ou en burro.

A importancia do caldo como alimento de moitas familias durante moitos días do ano.

Algúns produtos (leite, ovos, froita, leitugas, patacas, tenreiros...) vendíanse. Isto permitíalle ás familias ter cartos para comprar roupa, calzado, ferramentas...

A roupa e o calzado: Que roupa e calzado se usaba? Como se elaboraba? Onde se compraba?...

Contámoslles que a xente tiña pouca roupa e a que había aproveitábase moito, a roupa de diario duraba moitos anos e era normal que tivese remendos.

Normalmente a roupa non se compraba feita. Comprábanse as teas e despois viña unha costureira á casa e facíaa. Para algunha roupa elegante íase ao xastre, e as prendas de lá facíanas as nais e as avoas.

Os materiais que se usaban eran case todos naturais e algunhas prendas resultaban moi difíciles de adquirir, por exemplo, as que abrigaban ben. Os nenos andabamos case todo o ano con pantalóns curtos.

O calzado máis utilizado eran os zocos, feitos de madeira e coiro. Normalmente había un zoqueiro en cada parroquia. Cada persoa adoitaba ter só un par de zapatos para usar nas festas.

A vida dentro das casas: Como eran as casas? Como se quentaban? Como se iluminaban? Que mobles había?...

Falámoslles de que as casas solían ter dúas plantas. Na planta baixa estaba a cociña que tamén se usaba como comedor, as cortes das vacas e un corredor que separaba as dúas dependencias. A primeira planta tiña o chan de madeira, nela estaban os cuartos de durmir. A calor da corte das vacas chegaba ata alí, tamén chegaba algo de cheiro pero a calor era fundamental porque non había moita roupa das camas nin tapaba tanto o frío como a de agora.

Na cociña estaba a lareira para quentarse e para cociñar. Non había cociñas de butano nin eléctricas e conseguir leña para todo o ano para cociñar e quentar a casa supoñía un esforzo enorme.

O forno para facer o pan tamén estaba na cociña e normalmente había un moble para gardar a louza, potas,



tixolas e outros utensilios de cociña, un banco ao lado da lareira, unha mesa e unhas banquetas ou cadeiras.

En moitas casas non había electricidade. Iluminábanse con candís de gasolina ou de carburo.

Vida social: xogos e diversións, festas, celebracións, xuntanzas...

Aquí falamos das festas patronais, que eran as máis importantes do ano e que facían que nas casas se xuntasen familiares que vivían lonxe e, como case non había coches, quedaban tamén a durmir. Non había camas para todos e moita xente tiña que durmir enriba de palla que se estendía no chan. Como eran no verán, non había problema ningún.

O Entroido tamén era unha festa moi importante, non se compraban disfraces, vestiámonos con roupa vella: “de choqueiros”. As carautas comprábanse ou facíanse. Nas casas, as nais facían filloas e orellas.

En defuntos, faciamos colares con zonchos (castañas cocidas coa casca) e colocabamos enriba dun valado ou outro lugar parecido, unha cabaza ou un melón, previamente baleirados, cunha candeia acesa.

No tempo de outono e inverno, que chegaba a noite moi cedo, era normal que dúas ou máis familias se xuntasen nunha casa despois de cear. Os adultos xuntábanse arredor da lareira a conversar (non había televisión nas casas e case que ninguén tiña radio) e os nenos xogabamos á pita cega ou a outros xogos parecidos.

Os nenos e nenas tamén xogabamos á mariola, ás colliadas, á roda... Tamén había algo de fútbol, a pelota facíase con calcetíns vellos, trapos, etc. Non había cartos para ter unha de verdade. Xoguetes comprados había poucos, normalmente usabamos materiais da natureza para facer o que precisabamos para xogar.

Estabamos moi en contacto coa natureza e observabamos os cambios que se producían nela, coñeciamos os nomes de plantas, árbores, animais, descubríamos niños de paxaros. Polas vacacións e algúns domingos faciamos excursións polo monte.

Tamén tiñamos que traballar, todo o mundo traballaba: íamos buscar auga á fonte, axudabamos nas leiras, coidabamos do porco e das galiñas...

Era moi importante tamén a colaboración que se daba entre os veciños nalgúns traballos agrícolas como a recollida de patacas ou do trigo, ou a esfolia do millo. Ademais de que, desta maneira, o traballo rematábase antes, moitas

vezes, sobre todo ao acabar, había unha verdadeira festa.

A situación do galego: na escola, na aldea...

Contámoslles que nas aldeas, o idioma que se falaba era o galego, era raro que houbera alguén que non falase galego quitando o mestre ou a mestra, o cura ou algunha persoa que viñera de fóra.

Na escola falábase o castelán, non estaba permitido o galego. Naquela época diciannos que falar galego era falar mal e falar castelán era falar ben. O galego tampouco estaba considerado como un idioma, tíñase como un dialecto.

A misa era en latín.

A saúde: a medicina, remedios populares, o aseo...

A Seguridade Social só se tiña se se traballaba nunha empresa. A xente que vivía das leiras e dos animais tiña que pagar os médicos e as medicinas e non había moitos cartos. Ademais, había que camiñar moito para chegar ás consultas, había poucos medios de transporte.

Moitas veces utilizábanse remedios populares. O coñecemento destes remedios viña desde tempos moi antigos, na aldea ou noutra aldea de cerca sempre había algunha persoa que sabía como curar algúns problemas de saúde. Tamén había persoas que, sen ter estudado, entendían de músculos e de ósos, mesmo sabían como enxesar un brazo ou unha perna cando había algunha rotura.

O aseo era pouco, non había auga nas casas e, as familias que non tiñan pozo, tiñan que carrexala dunha fonte ou dun río. No inverno, un día á semana, quentábase auga na lareira, enchíase unha tina grande, e alí se bañaban todos os membros da familia, un detrás doutro, empezando polo máis pequeno e rematando polos adultos. No verán, se había un río cerca, era moito máis fácil.

Tamén nos propuxemos outros dous obxectivos máis amplos ou xerais que son:

- Que comprendan que o mundo e as sociedades están en continuo cambio.
- Que comprendan que hai moitas e diferentes maneiras de vivir, de divertirse, de relacionarse, de alimentarse. Coñecerlas e aprender a respectalas axúdanos a enriquecernos como seres humanos.

Despois de rematar a planificación, fixemos un vídeo con



fotos da época, unhas dos fondos de Tempo Novo e outras achegadas por particulares.

Á parte, recollemos tamén imaxes de partes da casa, mobles, ferramentas, aparellos...dos anos sesenta para ilustrar a exposición. Hai que ter en conta que, moitos dos nomes que utilizamos son descoñecidos para os nenos e nenas de agora.

Decidimos organizar a actividade en tres partes: introdución co vídeo de fotos da época, exposición, e coloquio, e pareceunos que era axeitada para o alumnado de 5º e 6º de Primaria. Como nome, escollemos “Como cambian os tempos”.

Por último, ofrecémoslla ás escolas.

Ao longo do curso 2019-2020, ata marzo, que tivemos que parar polo confinamento, visitamos os seguintes centros escolares:

- CEIP Eusebio da Guarda
- CEIP Emilia Pardo Bazán
- CEIP Cornide Saavedra
- CEIP María Pita
- CEIP Sal Lence

Neste curso, por causa da pandemia, polo de agora non puidemos levar a cabo a actividade, pero, tan pronto poidamos, volveremos porque “Como cambian os tempos” foi recibida con moito interese por parte do alumnado e do profesorado e, para Armando e para min, foi unha actividade que nos deu moitas satisfaccións.

A actividade “Como Cambian Os Tempos” lévana a cabo Carlos García Casás e Armando Herrero Mayor co patrocinio da Sociedade Cultural Tempo Novo de Elviña e Castro e da Mesa pola Normalización Lingüística.



Castro

Por Sía Souto

- Pero por que vivides aí? Tan lonxe do centro! Se non tedes servizos!

Así nos preguntan os coñecidos de vez en cando e quizais a resposta non sexa algo simple...

Ou sí!

Nacemos e criámonos en aldeas, non moi lonxe da Coruña. Gústannos as aldeas, con xente sempre disposta a axudarse, a compartir as rabizas, os limóns e os ovos da casa, a pararse a falar na porta do veciño, e a desfrutar do tempo paseniño.

A vida tróuxonos á Coruña. O traballo nas aldeas escasea hoxendía. Percorremos varios barrios da cidade, todos distintos, pero nengún nos fixo sentir "non forasteiros". En nengún atopamos acougo. Nada aparte do cemento que invadiu esta esquina de Galicia, e de moita xente que vive xunta pero moi illada. Así, fuxiamos os venres, como todos os que nacemos en aldea, buscando os nosos refuxios lonxe de aquí, e sentindo que estabamos aquí só de paso.

Ata que un día chegamos a Elviña, bueno, a Castro de Elviña. Para os que non o coñezades, a cidade da Coruña levantouse a poucos minutos de onde xa estaba Elviña.

O primeiro día topámonos cun avoíño coa radio a pilas no peto, e que non dudou un segundo en saudarnos como se fóssemos veciños de sempre. Iso xa foi un sinal importante.

Pouco a pouco fomos descubrindo as marabillas que se agochan: os carreiros, a Agra do Bico e como nos miran os seus coellos salvaxes, o camiño de Sarmelos (o pouco que queda do camiño real a Bergantiños) cos fermosos valados e vellos e maxestuosos carballos, as galiñas dos veciños, cabalos, o olor das primeiras rachas que se queiman nas lareiras en outono, os paseos polo Camiño do Lagar comendo as moras das silveiras, sentarse nalgún dos lavadoiros e imaxinar cantas historias se contaron polas lavandeiras de Elviña non fai tanto tempo, ou mirar o horizonte sentados nun banco de madeira no monte da Fraga...

E silencio. Un silencio que non creiamos que existise na Coruña, e só interrompido polo canto dos paxaros, polo ladrado do can dalgún veciño, ou polo zoar do vento nas árbores. Para quen se criou nunha aldea, todo isto fai que deixemos saír os nenos que todos levamos dentro.

Vivimos nun dos poucos edificios rodeado de casiñas. É algo extraño. Contan que houbo aquí unha casa indiana, o chalé, do que xa non queda máis que o recordo e algunha fotografía antiga.

No verán saímos mirar o ceo dende a azotea do edificio. Dende alí vemos pasar moitas veces a Estación Espacial Internacional, seguros de que os astronautas botan unha ollada para Castro e sospiran. As luces da Coruña son aquí máis febles e permítennos ver bastantes estrelas e planetas, adiviñar as constelacións e contarnos as historias antigas de heroes e monstros.

E tamén hai algo especial para nós. No ano 1919 chegou a Galicia a gripe española, unha pandemia que levou por diante milleiros de vidas. Meu avó era un neno daquela. Contaba que el tamén enfermou. Naquel tempo, non había médicos e hospitais coma hoxe. E seus pais deixárono nuha habitación, illado do resto, esperando a morte. E déronlle só auga dunha fonte. E esa auga fresca salvouno da gripe, ou iso aseguraba el. Dende entón, na nosa casa só se bebía auga desa fonte.

Elviña aínda é terra de fontes. Algunha con máis de douscentos anos, e aquí podemos manter o costume de beber auga da fonte a diario. Agardamos que teña o mesmo poder que a fonte do meu avó, neste ano de medo para todos.

E os veciños levarónnos tamén aos curutos onde se atopa o castro de Elviña. Non é o primeiro castro que vimos, pero de certo que este é fermoso, dos máis grandes de Galicia. Deixounos namorados na primeira visita guiada. Hai camiños polos que apetecería pasear durante horas, e árbores baixo as que pasar unha tarde de primavera, pero tristemente está valado e non se pode visitar máis que os domingos pola mañán. Outro grande tesouro descoñecido da Coruña.

E fomos coñecendo os veciños de Elviña. Xente amable, faladora, contadores de contos, dispostos a axudarse uns aos outros e a loitar por manter vivo este recanto do rural e non deixar que se perdan tantos recordos e un modo de vida alonxado das presas, do illamento e con moito mimo polos detalles que realmente importan.

Así que cando escoitamos: “non tedes servizos”, a resposta é, sí, non temos farmacia, non temos comercios máis que un pequeno ultramarinos e unha copistería, e para baixar á Coruña temos que coller o bus universitario. Pero nada diso nos bota para atrás: decidimos quedar aquí, e vivir sabendo que estamos na casa.





Arquivo da A.C. "Tempo Novo" de Elviña

Banda de Gaitas “Os Rexumeiros”. A ollada persoal dun tempo.

Por Bieito Romero

Os Rexumeiros foron unha comparsa de entroido existente en Elviña dende os anos 20 até finais dos 50 do século pasado. A palabra rexumeiro é unha derivación da que en galego oficial sería rexoubeiro, andar de troula ou esmorga ao tempo que facendo crítica. Empregaban gaitas e diversos tipos de percusión tradicional como tambores, pandeiretas, cunchas e bombo. Á vez que gozaban coas súas troulas as súas letras eran acedas coa realidade do seu tempo. Polo tanto “Os Rexumeiros” rexoubaban nos entroidos do lugar e a comarca cun feixe de historias e anécdotas nas súas costas cun nome ben escollido e moi axeitado. Pero sobre todo eran de Elviña, unha parroquia con moita identidade que pertenceu ao histórico concello de Oza ata 1912 cando foi anexionado polo da Coruña. Entre o seu patrimonio material máis destacable están un importante Castro e a igrexa románica de San Vicenzo, sen esquecer que alí foi onde tivo lugar a famosa batalla de Elviña, episodio histórico enmarcado na guerra da independencia española onde morreu o xeneral do exército británico de orixe escocés Sir John Moore.

Identidade, resistencia, loita e perseveranza definen en certo modo aos habitantes desta parroquia que eu tiven a sorte de coñecer de forma directa e de interactuar con eles alí no postremeiro dos anos 80. Cheguei alí da man do meu gran amigo Carlos Maceiras, un dos seus máis inquedados veciños, activista social, defensor a morte da súa terra e do seu país e animador socio cultural. Fun como mestre de gaita nun tempo no que facer cultura galega e en galego na Coruña non era precisamente doado e moito menos en todo o referido á música tradicional ou folk. Eran tempos nos que por outras latitudes galegas fervían as propostas enfocadas a recuperar a nosa música e os nosos instrumentos. Un revivir da nosa cultura que por desgraza na contorna coruñesa non se producía dando a sensación de que esas iniciativas estivesen eivadas e incluso en retroceso. Dende o concello coruñés non axudaban moito a todo isto pero tampouco había ideas particulares na teima de crear ou traballar para revitalizar este pilar esencial da nosa cultura que é a nosa

música, algo tristemente curioso nunha comarca con tanta historia e tradición no tempo e que aínda permanecía viva. Neste caso, en Elviña, as gaitas e as percusións fixéronse protagonistas, as aulas fóronse enchendo e aquilo comezou a ser un suceso. Un lugar que acolleu moita xente para aprender ou perfeccionarse, pero sobre todo un espazo alternativo ao convencional, procurando fuxir do

rutineiro e do monótono. A transmisión oral funcionou moi ben e Elviña soaba como lugar de recuperación da música galega, un punto onde estaba agromando algo que moita xente agardaba dende había tempo.

Naquela altura o mundo dos gaiteiros estaba convulsionado polo que se deu en chamar “A guerra das gaitas”, un conflito aberto sobre a estética destes instrumentos, cargado de intereses persoais e políticos, onde as gaitas e as súas diferentes variantes eran empregadas belixerantemente concluíndo nunha tensión que fixo máis mal que ben, sobre todo de cara á galería, que eran a xente do común que non estaba nin nun bando nin no outro e que non entendía ben o que sucedía.

Nesta guerra fratricida por un lado estaba Xosé Luis Foxo, gran estudoso da gaita e home con moita experiencia, director da Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense, xunto con toda a xente que seguía as súas doutrinas baseadas en modificar morfoloxicamente a gaita galega, utilizar percusións de alta tensión e converter esteticamente as agrupacións en algo máis semellante a unha banda de tipo escocés na liña e a marcialidade que as caracteriza.

Por outra banda estaba a Asociación de Gaiteiros Galegos (A.G.G.) e todo un conxunto heteroxéneo de gaiteiros con diferentes enfoques pero unidos polo rexeitamento pro-





Autor: Colectivo Fotográfico "Surikata"

vocado por esa aculturación flagrante e traumática que contaba cun importante soporte económico da Deputación de Ourense posicionada maiormente nesa liña.

Naquela altura, dende Elviña, a nosa liña era a da AGG (Asociación de gaiteiros galegos) que propugnaba calquera outra vía pero sempre dentro das variedades estéticas existentes no país, que tamén agromaban con forza, pero iso si, sen as axudas económicas que podía ter a Real Banda de Ourense e os seus satélites.

Esta situación provocaba unha forte desigualdade no potencial e xurdiron unha serie de rexeitamentos por toda Galicia que na escola de Elviña tamén tiveron eco. E ese foi un dos xermos do nacemento da Banda de gaitas "Os Rexumeiros". Xuntáronse as inquedaanza culturais e o gusto pola música propia co conflito e as ganas de participar amosando que dende as propostas propias poderíanse crear alternativas a esas tendencias aculturadoras.

Todo aquilo coincidiu coa actividade de "A Cova Folk" na Coruña. Nese pequeno local programábase música galega e celta, unha auténtica excepción naqueles tempos pero tamén lugar de encontro cultural de moi diferentes sensibilidades, espazo de acollemento, debate e valoración da nosa música, algo que noutros ámbitos apenas se daba. Alí fixéronse un feixe de contactos dos que moitos acabarán sumándose á creación e posta en marcha da Banda de Gaitas e á potenciación, na medida das posibilidades, da mesma.

Dende Elviña, a Asociación Cultural "Tempo Novo", soporte histórico fundamental de todas as actividades vencelladas á parroquia, involucrouse con claridade no proxecto e deu un paso adiante para que definitivamente "Os Rexumeiros", neste caso en versión banda de gaitas, visen a luz. A banda inicialmente estaba integrada por 14 gaitas, 3 tambores, 2 bombos, 2 pandeiretas e o estandarte. Os primeiros ensaios foron a comezos do mes de novembro de 1993. Pouco despois a banda de gaitas presentárase en público nun acto da devandita asociación para os veciños

de Elviña basicamente. Naquela presentación anunciáronse os seus máis inmediatos proxectos que serían a participación nas festas da Coruña e tamén unha intervención no programa "Luar" da TVG.

Naquelas festas da Coruña do ano 1994 fixérase un pequeno concerto nun ateigado Teatro Rosalía de Castro dentro dos eventos de presentación da Regata internacional "Cutty Surk", e tamén varias actuacións en diferentes puntos da cidade con moi boa acollida que ademais serviron para consolidar a formación e asentar a súa sonoridade. Con esta formación gañamos o 1º premio do IV Concurso de Bandas de Gaitas organizado polo concello de Cerdido (A Coruña).

Grazas a ese son propio que a banda foi perfilando e que se conseguiu con instrumentos nidamente galegos pasouse á fase de gravar que comezou poucos meses despois nuns estudos que tiña a Agrupación Folclórica e de Investigación "Berce" en Narón. Gravamos 4 temas entre os que figuraban composicións miñas como a "Xota de Sabela", a "Muiñeira de Leiloio" ou a "Polca Ronsel", combinadas con temas tradicionais variados recollidos de diferentes repertorios, fundamentalmente de vellos gaiteiros informantes da comarca da Fonsagrada cos que había unha moi boa relación; tamén se incluíron pezas dalgúns cancioneros históricos galegos como os de "Casto Sampedro" ou o de "Xesús Bal e Gay", entre outros. A idea era ir moldeando un traballo discográfico en distintas etapas con diferentes momentos evolutivos da banda, pensando nas posibles e lóxicas modificacións que puidese haber nos integrantes e na variación das sonoridades, unha idea que podería ter aportado un interesante abano de matices. A gravación finalmente quedou neses 4 temas iniciais pero que serviron para participar varias veces no programa "Luar" da TVG e tamén para presentarse no certame de bandas e grupos de gaitas "Con música propia" organizado pola TVG e a Xunta de Galicia. Un certame/concurso non exento de polémica no que "Os Rexumeiros" conseguiu un discutible 4º premio competindo con agrupacións

moito máis veteranas e de recoñecido prestixio. Pero o obxectivo principal non era o posto en que se quedara senón que era o feito de visibilizar e dar a coñecer un xeito de facer as cousas no mundo das bandas de gaitas dende unha perspectiva autóctona.

Por desgraza non perdurou no tempo como era o noso desexo. Mais pese á curta vida da banda de gaitas, “Os Rexumeiros” chegou a tocar en diferentes concellos galegos e participar en distintos festivais como o da “Carballeira de Zas”, colaborou tamén no concerto do X Aniversario de Luar Na Lubre no Teatro Rosalía de Castro da Coruña e o seu renome e prestixio aínda resoan co paso dos anos. Pero o tempo é implacable e fixo que irremisiblemente o proxecto se fose esvaendo e finalmente as diferentes realidades persoais fosen mudando cara outros contextos.

Así, “Os Rexumeiros” como Banda de Gaitas foise diluíndo ate a súa desaparición. Iso si, deixando un regueiro de bos músicos que continuaron e continúan a súa traxectoria individualmente en moi diferentes formacións de distintos

estilos na música galega, co cal podemos deducir que semellante suceso puntual tivo unha significativa incidencia posterior nas diferentes músicas co decorrer do tempo. Gaiteras e gaiteiros como Suso Moreira que tocou no seu día en “Leilía” e “Mediaducia”, e que na actualidade exerce como mestre e director de varias bandas de gaitas como a municipal de Carballo ou “A Malante” de Malpica. Susana Seivane, recoñecida gaiteira con ampla discografía, traxectoria e herdeira dunha estirpe de músicos e grandes artesáns. Brais Maceiras, excelente gaiteiro, un dos mellores intérpretes de acordeón diatónico de Galicia, músico na banda de Susana Seivane durante anos e na actualidade membro de Luar Na Lubre ao tempo que copropietario do Pub de folk “A Cova Céltica”. Eduardo Méndez Baamonde, excelente gaiteiro, frautista, saxofonista e mestre da Escola Municipal de Música da Coruña. Luisa Sarmiento, magnífica instrumentista e mestra de gaita. Xan Xove, gaiteiro nos “Papaqueixos”, na “Banda Xangai” e noutras formacións de música galega. Josechu Soutullo, gaiteiro na “Orquestra Tombalobos” e en “Parabéns”. Emilio Españadero, director do programa de música folk



e tradicional “Lume na Palleira” da Radio Galega. Patxi Bermúdez, un dos mellores percusionistas do folk galego, en Luar Na Lubre dende a súa fundación. Xulio Coira que formou parte un tempo do grupo “Quempallou” igual que Fernando Román fixo o propio en Radio Cos e na actualidade en “Tiruleque”. Melo Suárez magnífico percusionista formou parte de varias orquestras como “Os Key” ou “Jerusalén” e tamén estivo coa “Nova Galega de Danza”. Sonia Lebedinsky como vocalista de Fia Na Roca e con traxectoria propia en solitario. Víctor Varela, gaiteiro e clarinetista en “Atalhora”, “Fol de veneno” e “Mediaducia” entre outras formacións da Costa da Morte. Davide Leira en “Maghua”. Agustín Sánchez gañador como gaiteiro solista e compositor en dúas das edicións do Concurso Constantino Bellón, etc.



Autor: Colectivo Fotográfico “Surikata”

E aínda quedan moitos datos e vivencias cos que se podería ampliar considerablemente este texto porque esta historia dá para facer un libro con moitas e interesantes aportacións e informacións, pero non é o caso nesta entrega. Non quixera esquecer tampouco as importantes achegas puntuais do magnífico debuxante Biel Domínguez como deseñador de carteis, adhesivos e incluso rotulador dalgún instrumento de percusión. Tamén a do colectivo fotográfico “Surikata” aportando o seu gran de area coas mellores fotografías daquela andaina. E pido desculpas a toda a xente que non nomei neste texto e que me merecen o meu maior dos respectos e admiración pero resúltame difícil lembralo todo despois de tanto tempo.

No meu caso particular, continúo con Luar Na Lubre dende a súa creación hai 34 anos, fago radio a través dos

programas “Un Mundo de Músicas” e “Músicas de Raiz” na sintonía de Radio Voz Galicia e sigo nas miñas teimas etnográficas descubrindo as nosas simboloxías que plasmei xa en dúas publicacións. Procuo axudar na medida das miñas posibilidades para que o noso país avance aínda que sexa amodiño, pequenas achegas sumadas fan grandes logros. Polo tanto remato como comecei, invocando a identidade, a resistencia, a loita e a perseveranza procurando que os vieiros sigan abertos e iluminados para que haxa quen os poida seguir camiñando cada vez con menos dificultades.

“Bonum est non praeterita obliviscent”

In memoriam: Dani Suárez e Miguel Fernández



Debuxo autoría de Biel Domínguez



Os Rexumeiros. Arquivo Fotográfico de Elviña e Castro

Historia para gardar na memoria

Por Manuel Bermúdez "Chao"

Recordo con agrado aquela xuventude entusiasta que formaba a comparsa Os Rexumeiros. É moi importante que os antroidos de Elviña e Castro non queden no olvido. Aquela comparsa estaba formada principalmente por xente de Elviña e Castro. Eran quen de desafiar o goberno coas súas coplas cargadas de sentido bastante crítico. No carnaval tolerábanse cousas que de ningún modo se permitirían fóra del. E tamén eran capaces de saciar ese desexo tan grande de liberdade de expresión que había entre a xente, como houbera nos tempos da República. No antroido podían dicir todo o que quixesen.

Había moita xente, recordo por exemplo a Cachas coa bandeira, e a Peporro que facía as letras de moitas coplas, collendo o relevo de Catoira de Elviña. O seu radio de acción era Elviña, Mesoiro, Feáns e movíanse polas Mariñas. Tamén baixaban á Coruña.

No Antroido enterrábase a Franco. Quedábase a unha hora en Castro e a xente acudía ó enterro. Saía o cortexo con gran animación e con moita xente disfrazada. Os nenos portaban palmeiras e ramos, e había viúvas, moitas viúvas. Unha das viúvas era o Mariñán. Dous ou tres vestían de curas, un deles era o Pagano.

A comitiva saía de Castro entre cánticos. O Pagano disfrazado de cura empezaba a cantar da seguinte forma, máis ou menos: "Morreu o Ricardo, quedoull'un fillo / (...) / Per seculam seculé, seculéé/ carne de cocho touciño é"

E as viúvas respondían cantando: "un veneris, un veneris". Un dos curas cantaba "Es un difunto muy rico (...) / es un difunto muy pobre (...) / Aceite aceitorum e unha folla de lourorum / e pimentum pimentorum" e dicía Peporro "Xa está o rustrido feito". As viúvas dicían "O meu Ricardiño, o meu Paquiño" para logo cantar "chora viudiña chora/ que tes moito que chorar/ un larpeiro como este / éche malo de atopar/ un veneris, un veneris". Un dos curas anunciaba as misas polo defunto que "serán o dazaoito de julio si cobramo-la paghiña e si non a cobramos non haberá misas".

A comitiva ía a Elviña para tomar o camiño a Monelos. A Garda Civil sabíao e consentía o seu paso ata a Fábrica de Salgueiro, porque non quería que se vise pola cidade. Alí na fábrica de Salgueiro a Garda Civil mandaba que a comitiva dese volta. Así que se collía o Antroido e botábase no río de Monelos e acababa no mar.

Esa é a historia do noso Antroido. Eu participei no antroido de Franco o ano que os detiveron. Houbo multas a varios veciños, como as que levaron Trancas e Rafael. Foron xente de admirar pois nin as detencións nin as sancións evitaron que deixasen de funcionar.

Texto: Feito a partir dunha conversa con Chao, a quen lle agradecemos que comparta a súa memoria.



Alxibe do castro. Manuel Bouzón

Ao amor virarme as costas tiven frío

Manuel Bouzón

Ao amor virarme as costas tiven frío
Veu o frío ao despedirte e ausentarte
Entre o abrente e o solpor eu conxeleime

Pasa a noite, foxe o día
Brinca a choiva escorre a seca
Porén pecho sempre a cancela

Poema de nantronte

Xente de loito
alguén morreu
o espírito ferido
os bandullos cheos.
É isto delor?

Morrer na vida
vivir na morte
a morte é unha festa
a vida unha loita decote.

As vegadas vexo cousas,
vexo o mar chegando a min
un río que non ten auga
unha fonte enriba do monte
unha estrada cortada, aló endiante
a nai dille: non buchiques
i el seguía pateando
por enriba do seu medo
de neno, fillo de nai.

Alumeando cunha vela
chegaron ao pé da campá
erguérona entre dous
e veron a súa faciana padre.

Un de Castro





Nachortas

Recuperamos este cadriño co que o debuxante Nacho Hortas Rodríguez agasallaba á veciñanza de Elviña e Castro no ano 2013. Ignacio Hortas foi un humorista gráfico, ben coñecido polas súas colaboracións en La Voz de Galicia e en Sermos Galiza, onde debullaba a sociedade galega. Nachortas trasladaba a súa mirada perspicaz cargada de retransa á súa obra.

Deixounos a finais de 2019. Agradecemos con moito cariño este cadriño sobre Elviña que segue vixente no presente 2020 no que seguimos “igual de antigos”



Os Calavera. Arquivo fotográfico de Elviña e Castro

A palla no ollo alleo

Por Eli Ríos

Moito se ten escrito sobre as músicas que escoita a xente nova e a violencia de xénero que transmiten de maneira explícita. Corren ríos de tinta sobre o regaeton ou o trap, pero cando baixamos ao torreiro aló nos poñemos co fol e as ferreñas a reproducir, outra vez, as nosas propias violencias.

Xustificámonos, entón, nun suposto humor que asenta sempre na agresión dos corpos das mulleres ou que “sempre se fixo así” para non cambiar nada, para que todo siga igual.

Sabemos, e somos conscientes, que unha violación non ten nada de gracioso, pero non nos doen prendas ao cantar “*Como te colla no prado/ como te collín máis veces/ heiche de meter no corpo/ herba para nove meses/ ailalelo, ailalalo*”. Sabemos, e somos conscientes, que unha agresión non ten nada de chistoso, pero quen máis quen menos é capaz de poñerlle o ritmo a “*Non sabe fregar un plato / nin varrer cunha escobela / un día de cabreado / varrín a casa con ela*”. Sabemos, e somos conscientes, que un asasinato non ten nada de cómico, pero que se o acompañamos dun ailalelo, ailalalo xa nos parece menos asasinato e cantamos “*Tiruliro matou á muller / púxo a cachos, levouna a vender*”.

O Cancioneiro Tradicional Galego naturaliza as violencias, agresións, as mentalidades machistas, as discriminacións por xéneros, os estereotipos, etc., etc., etc. A desigualdade presente nas coplas baséase na idea social da superioridade machista e heteropatriarcal. Toda muller que non asumise ese rol de agredible, violable ou sumisa sería obxecto de escarnio, burla e exclusión social. E todo naturalizado porque lle poñemos un ailalelo, ailalalo, porque sempre se fixo así e porque total non é para tanto poñer a muller a cachos. Ou si?

A música tradicional ten a cualidade de estar viva, en constante evolución e iso, quizais, sexa o futuro para que non esmoreza. Hoxe en día, hai unha cantidade inxente de mulleres creadoras desde a regueifa, a instrumentación, os estudos críticos, etc., que están a xerar un contradiscurso, por unha parte, crítico coa mensaxe machista e, por outra, produtor de composicións que miran cara o futuro, cara uns novos tempos en que as agresións, asasinatos e violacións non sexan o motivo de graza no torreiro nin nas casas.

De nada nos serve acudir en masa a manifestacións ou poñernos supertristes nas redes sociais cando unha compañeira é discriminada, agredida ou asasinada se, despois, somos as primeiras persoas en transmitir ás novas xeracións estas referencias. Porque, lembremos aquí, que a música é un elemento de cohesión social importante, que nos achega referentes e, tamén, ideas claras sobre o que debemos ou non facer para non ser obxecto e protagonistas das coplas.

Se conseguimos esquecer o noso embigo e erradicar as autoxustificacións exculpatorias (o regaeton si é violento, pero unha muiñeira non, por exemplo), temos nas nosas mans toda unha potencialidade creativa e unha ferramenta imprescindible para axuntar no esforzo da eliminación da violencia contra as mulleres. Quizais, ou, mellor dito, con toda certeza, un bo punto para comezar é apoiar todos os proxectos e as mulleres que xa deron o primeiro paso. E como? Pois moi sinxelo! Achegando espazos públicos de reflexión, visibilizando os proxectos e, sobre todo, escoitando a súa voz sen apoñerlle un ailalelo no final. A erradicación das violencias de xénero non vai só de chapas nas camisolas e minutos de silencio. Para que, algún día, chegue ser real debemos comezar por sacar a trabe do noso propio ollo.



RELÁMPAGO DE ELVIÑA. UN CLUB UN POBO

Por David Parada. Relámpago SD Elviña

O Relámpago de Elviña intentou sempre representar a unión do pobo en torno ao deporte, e ser un centro de reunión da xente de Elviña e de Castro, dende a súa creación.

Dentro dos valores que representa o Relámpago están sen dúbida o compromiso, esforzo, perseverancia, humildade, respecto e por suposto, compañeirismo e pertencer a un equipo e a un pobo, pobo, que foi, é e será.

Inicios

O fútbol na parroquia de Elviña comezou a practicarse nos inicios do século pasado. As noticias máis fidedignas datan de 1920. Por aquel entón un grupo de veciños encabezados por D. Antonio Catoira, decidiron crear un equipo ao que denominaron Rexumeiros. Para disputar os seus encontros lograron a cesión dun terreo por parte da Unión Territorial, sito en Carracedo.

Nesta época comezan os problemas cos terreos de xogo. Ao verse obrigados a abandonar os terreos da Unión Territorial, conséguense outros situados na leira do “señorito”, cambiando ao mesmo tempo o nome e pasándose a denominar Rápido, C. F.

Os encontros eran de carácter amigable, xa que por aqueles tempos aínda non existía ningún ente federativo.

A década dos corenta. Nace o Relámpago de Elviña.

Tras a Guerra Civil comezan a disputarse competicións, adoptando o nome que posúe na actualidade. Isto sucedía en 1944, sendo o seu primeiro Presidente D. Francisco Cordeiro e que contaba con colaboradores como Enrique Fernández e Antonio de la Iglesia.

O terreo de xogo era El Escorial, atopábase preto da casa do cura.

A década dos cincuenta. O primeiro ascenso

Foron épocas difíciles para o Clube, sendo o Presidentes D. José Núñez e máis tarde sería D. Manuel Manteiga.

O final da década supuxo o relanzamento do equipo no fútbol mariñán, conseguindo o ascenso á Primeira División das Mariñas. Nesta época xogábase no campo da SEAT.

A década dos sesenta. A Final da Copa da Coruña

Como dato destacado na tempada 1960-61, fúndanse o equipo xuvenil, e na tempada 1964-65 chegouse a dis-

putar a Final da Copa da Coruña, congregándose miles de aficionados no estadio de Riazor.

O 22 de xaneiro de 1967 inaugúrase o campo da Fertiberia.



A década dos setenta. Outro novo Campo

Debido a que o terreo de xogo non tiña dimensións mínimas, na tempada 71-72, Manuel López Zapata logra que o equipo volva participar nas competicións mariñanas, inaugurando o novo campo da Cros.

Nesta mesma tempada, e sendo Presidente D. Ramón Martí López, conseguíronse comprar uns terreos, coa axuda de todos os socios, para a construción do actual Local Social que se construíu coa axuda de todo o pobo e que é o actual Local social do clube.

A década dos oitenta Conséguese a Copa da Coruña.

Na tempada 86 conséguese por primeira e única vez na Historia do Relámpago de Elviña a Copa da Coruña, nun partido disputado no Estadio de Riazor ante miles de persoas. A aliñación histórica foi: Chus Miguel, Floro, Maiquel, César, Paulés, Lema, Lombao, Gavi, Javi e Javier Mariñas. O adestrador era Pepín.

Nesta mesma época, as obras de acceso a Pocomaco obrigaron de novo a abandonar o terreo de xogo. A pesar das promesas do Concello tras as expropiacións do campo, dun novo campo, seguimos a espera dunha compensación que non chega. Este tema daría por si solo para falar páxinas e páxinas, xa que foi una inxustiza, e moitos dos problemas posteriores do clube veñen de non dispor de campo propio.

A década dos noventa. Manuel Quintana

A falta dun terreo de xogo en propiedade e outras causas alleas ao meramente deportivo fan que Manuel Quintana teña que facerse practicamente cargo da Sociedade, adestrando todas as categorías e mesmo nas categorías inferiores, onde a axuda inestimable dalgúns pais fixo que o Relámpago fose subsistindo.

Autor: "Xoán Romeu"



Con todo nuestro corazón ¡Simplemente Gracias!



Anos 2000.

Nos primeiros anos deste novo milenio, o club conta con moitos nenos nas categorías inferiores, pero a perda de poboación do pobo, así como o lastre de non contar con campo propio, fan que paulatinamente se vaian perdendo.

No ano 2019, cumpríronse 75 anos da creación do club e, nesta época, inténtase relanzar tanto o fútbol de categorías inferiores, coa creación de equipos de nenos, como un equipo feminino. Actualmente cóntase con máis de 100 licencias de categorías inferiores, así como un equipo feminino, no que o club foi precursor en Galicia.

PERSONAXES:

D. Manuel Quintana

En todas as Sociedades existen persoas indispensables para o seu funcionamento, e é inxusto mencionar unhas en deixar fóra outras, pero me gustaría falar dunha delas, que hai pouco nos deixou.

Dicir Quintana, é dicir Relámpago de Elviña. Desde que ingresou en 1964 no Club, a súa traxectoria foi de dedicación completa, primeiro como xogador, logo adestrador, Directivo e Presidente. Posúe un récord difícil de superar en ningunha Sociedade, xa que na mesma tempada que

foi Presidente, adestrou a Alevíns, Infantís e Xuvenís. Home de Club. Sen el o club non existiría.

Vinculado ao club máis de 50 anos é deses personaxes entregados á causa. Sen xente coma eles moitos clubs desaparecerían. Durante décadas levou no seu propio coche rapaces para que puidesen xogar e adestrar, lavou as camisetas, encargouse do mantemento do material, e adestrou a todas as categorías do club, dende os máis pequenos ata os máis vellos.

O 25 de xuño do ano 2017 fíxoselle unha merecida homenaxe á que acudiron centos de persoas, sendo un día moi emocionante tanto para el como para a familia do Relámpago.

HISTORIAS:

ELVIÑA, PIONEIRAS DO FÚTBOL FEMININO

Durante os anos 60, empezando o 14 de febreiro de 1961, un grupo de mulleres de Elviña, decidiron realizar un encontro de fútbol, onde as protagonistas eran mulleres. Dende a xuíza da contenda, pasando polas xogadoras, entrenadoras, masaxistas... todas eran mulleres. Este partido se repetiría ano tras ano.

O que escomezou sendo un entretemento polas datas do entroido, pronto traspasou as fronteiras da Parroquia para

ser un acontecemento social para A Coruña, para Galicia e con repercusión en medios informativos de medio mundo.

Cando se achegaban as datas da disputa do encontro de fútbol, Elviña poñíase a funcionar co fin de poder celebrar devandito acontecemento; Mercedes Vidal (q.e.p.d.) comezaba a realizar a súa selección entre as mulleres de Elviña.

Moitas nais e mulleres de xogadores do Relámpago tomaban o protagonismo que tiñan os seus fillos e maridos para ser elas as protagonistas dun encontro de fútbol, unha vez ao ano.

O día do evento a estrada da Avenida de Alfonso Molina colapsábase cos poucos coches que había na época e unha gran riada humana desfilaba á súa cita anual co fútbol feminino que se ía desenrolar en Elviña.

Moitos dos espectadores protestaban de que o encontro se xogase nun campo de pouco aforo e mesmo había

quen opinaba que se debía celebrar no Estadio de Riazor. Aínda lembramos un ano no que non se puido celebrar o encontro pola invasión do público ao terreo de xogo e que impediu a celebración deste, tendo que celebrarse ao día seguinte para non perder a tradición.

Pero como o que comezou como divertimento e ganas de demostrar aos seus fillos e maridos que as mulleres tamén podían xogar o fútbol, terminou cuns obxectivos que non se propuxeran como foi a celebración de encontros de fútbol feminino.

Así naceron máis equipos, como o de Vilarrodís, que foron os precursores do fútbol feminino, non sabemos se fóra de España pero si en Galicia, dada a repercusión que estes actos tiñan na prensa.

Sirvan estas liñas como homenaxe a esas mulleres, algunhas delas xa non están entre nós, e que facían que ano tras ano o nome de Elviña estivese presente en todo o mundo.





O PRIMEIRO MAGOSTO

Texto ▶ Carlos García Casás

Ilustracións ▶ Alumnado 4º CEIP Plur. Manuel Murguía. A Coruña

Isto que che vou contar é parte da historia dos primeiros habitantes do lugar onde me criei, onde me criei eu e os meus antepasados desde hai moitos, moitos, moitos anos.

Todo empezou nun lugar da Europa do Leste, máis ou menos onde hoxe é Ucraína, moitísimos anos antes de que chegaran os romanos á nosa terra, moitos anos antes de que chegaran os celtas... aínda había moi pouquiña xente na Galiza.

Nese lugar do que che falo, onde hoxe é Ucraína vivían os Souto, unha pequena tribo formada por algo menos dun cento de persoas, entre adultos e nenos, e dúas ducias de cans. Os Souto eran unha tribo nómade, movíanse dun lado para outro, alimentándose dos animais que cazaban e das plantas que recollían.

Na tribo había dúas persoas moi importantes, que eran as que a guiaban: a xefa, Oura, e o home sabio, non che digo o nome, xa descubrirás como se chama ao final da historia.

O home sabio coñecía remedios para curar a dor e baixar a febre, e podía curar feridas e reparar ósos que se rompían. Na tribo chamábanlle o mago porque tamén soñaba,

tiña soños de futuro, toda a tribo se movía seguindo os soños do home sabio. Tiñan unha confianza plena nos seus soños, sempre lles fora ben así.

Ultimamente levaba varias noites soñando cun lugar que estaba cheo dunhas árbores que daban uns froitos que se podían comer cando nacían pero que tamén se podían secar e gardar e servir de alimento durante moitos meses, cando o inverno era máis duro, escaseaba a caza e non había moitas plantas que recoller.

O lugar quedaba moi lonxe, onde remataba o mundo pero, se conseguían chegar alí, poderían quedar para sempre, sen ter que andar movéndose dun lado para outro.

Inmediatamente prepararon todo e puxéronse en camiño.



II

A viaxe foi moi longa e moi difícil, tiveron que atravesar montañas e ríos, andar por camiños cheos de pedras e de lama, pasaron frío e calor, tiveron que facer moitas paradas para conseguir alimento e protexerse do mal tempo, algúns membros da tribo morreron porque se fixeran vellos e outros novos naceron pero, despois duns cantos anos, un día, ao principio do outono, chegaron ao lugar que soñara o mago.

Mira o tempo que tardaron que, cando saíran, a xefa Oura e o mago eran mozos e aínda non tiñan fillos e, cando chegaron, xa tiñan netos.

Alí o mago faloulle á tribo e díxolles:

-Este é o lugar e estas son as árbores e os froitos cos que soñei e que van ser unha boa parte do noso alimento de agora en diante.

Os Souto todos puxéronse a mirar moi sorprendidos cara os froitos e un neno preguntoulle o que se estaban preguntando todos:

-Pero, como imos comer eses froitos, se están cheos de espiñas? Ímonos picar todos e non os poderemos tragar.

-Tede confianza en min –díxolles o mago– nunca vos fallei. Os tesouros moitas veces están agochados. Agardade uns días.

Como el era un home sabio, sabía que os froitos aínda estaban sen lograr.

Montaron o seu campamento nun claro da fraga, cazaron algúns animais e recolleron algunhas plantas para ter comida e prepararon algunhas peles para abrigarse, que xa estaba chegando o frío.





III

Pasaron uns días e... aquelas cousiñas, que eles pensaran que eran os froitos, abríronse como unha boca que abre os seus beizos e deixaron caer o que tiñan dentro, que eran os froitos de verdade. Ao envoltorio de espiñas chamáronlle ourizo, na honra da súa xefa Oura, porque os dous tiñan un tesouro dentro: o ourizo tiña os froitos e Oura, aínda que era moi seria e pequena de estatura, tiña dentro un tesouro de bondade, valentía e intelixencia.

O mago aprendeulle á xente da tribo que había que sacarlles aos froitos dos ourizos as dúas peles, a casca e a tona, para poder comelos. Aprendeulles tamén a usar pauciños para abrir os ourizos que non abrían sós. Nós, agora, abrímoslos usando as botas ou os zapatos pero os que tiñan eles non eran tan consistentes.

Recolleron unha gran cantidade de froitos e, os que non comeran no momento, puxéronos a secar dentro das tendas nuns canizos feitos con varas que colocaron a unha certa altura. Déronlles para todo o ano e aínda lles sobraron.

Que sorte tiñan de contar cun mago que puidera soñar todo o que tiñan que facer!

Unha tarde, o home sabio colleu unha presa de froitos e, como xa facía frío, púxoos a carón das brasas para que se lle quentaran un pouco, coa idea de sacalos nun momento pero, como xa ía velliño, quedou durmido. Espertou sobresaltado cuns estoupidos, os froitos quentaran de máis e, como a calor non tiña por onde saír, estouparan.

Despois de que se lle pasara o susto, caeu na conta do que pasara e probou algúns anaquiños que quedaran ciscados polo chan. Estaban máis brandos e saborosos que cando estaban crus! Se estouparan porque o calor non tiña por onde escapar, a solución era fácil.

Colleu outra presa de froitos, fíxolle un corte pequeno a cada un e púxoos a carón das brasas, removéndoo cun pau a cada pouco. Desta vez a emoción non o deixou durmir.

Os froitos non só estaban máis brandos e máis saborosos senón que, ademais, as cascas e as tonas non daban traballo ningún, case saían soas.





IV

Xuntou a toda a tribo para contarlle e decidiron facer unha festa para celebralo. Fixeron un lume moi grande e, cando houbo brasas, con moito coidado, pola parte de fóra foron poñendo os froitos dos ourizos, cada un co seu corte para que non estouparan. Toda a tribo quedou encantada co sabor dos froitos asados, comeron, beberon, cantaron, ballaron e, os nenos e as nenas pintaron a cara con tizóns apagados.

Desde entón, todos os anos, despois da recollida dos froitos dos ourizos, celebraron festas coma aquela e, na honra do mago, á festa chamáronlle «magosto». A que xa sabes como se chamaba o mago?

Hoxe en día séguense a celebrar magostos en moitos lugares da Galiza e de fóra da Galiza.

Co paso do tempo, ao froito dos ourizos chamáronlle castaña, non sei ben o motivo, se cadra fose pola cor, ou á cor pola castaña, quen o sabe?

E á árbore chamáronlle castiñeiro.

En lembranza daquela tribo, na Galiza, os terreos nos que hai moitos castiñeiros chámanse «soutos» e tamén chámanlle «O Souto» ao lugar no que me criei.

Despois dos magostos virían as castañas cocidas, o caldo de castañas, os doces de castañas, o «marrón glacé»...e outras moitas preparacións con castañas pero... iso xa é doutros contos.





Arquivo da A.C. "Tempo Novo" de Elviña

Tempo Novo, a historia dun ben colectivo

Grupo de Territorio Tempo Novo

Un día 1 de maio de 1985 inaugurábase en Elviña un local social que fora levantado pola propia veciñanza de Elviña e Castro. O proxecto nacera sete anos atrás e para levalo a cabo fora precisa a participación de toda a xente do lugar.

Elviña e Castro a finais da década dos setenta situábanse nun entorno marcadamente rural. Eran dúas aldeas rodeadas de campos de cultivo onde a figura da fábrica de fertilizantes Fertiberia emerxía entre as agras. Naquel momento non existían equipamentos públicos en Elviña, e incluso faltaban os servizos máis básicos. As sociedades que existían daquela eran a Sociedade Deportiva Relámpago de Elviña, que se creara no ano 1944, e a Asociación de Veciños Os Rexumeiros que acababa de nacer no 1977.

O movemento asociacionista non eran algo novo. Durante a primeira metade do século XX o movemento agrarista tivera unha forte presenza na parroquia. Existiran sociedades agrarias que defendían os intereses dos labregos e que tiveron unha importante actividade nos lugares de Palavea, Elviña, Mesoiro e Feáns no primeiro cuarto do século XX. Nos anos 20 empeza a coller forza o movemento obreiro, no que tivo un gran protagonismo a CNT. O profesor Óscar Freán estudou o tema. Nas súas investigacións encontra locais sociais de influencia libertaria distribuídos



Adhesivo de finais dos setenta. Imaxe cedida por Carmelo Seoane



pola cidade da Coruña e a súa contorna. Os anarquistas buscaban crear espazos de cultura e de coñecemento das clases populares. Na parroquia de Elviña había varios centros sociais dedicados á cultura. Un dos locais que documenta Óscar Freán estaba en Elviña e chamábase Centro de Estudios Sociales Luz y Vida. Estivo activo aproximadamente entre outubro de 1933 e o empezo da Guerra Civil, e como parte da súa actividade organizaba conferencias, mitins e excursións.

O golpe de Estado de 1936, e a represión posterior, cou-tou aqueles movementos asociacionistas. A súa memoria desapareceu entre a xente, talvez de forma intencionada para evitar que os membros daquelas sociedades fosen represaliados. Con todo, o espírito reivindicativo do Pobo nunca desapareceu por completo, pois aproveitando o tempo de Antroido as comparsas Os Rexumeiros de Elviña e Os Calaveras de Castro combinaban as coplas satíricas con outras máis reivindicativas. O pouso daquelas comparsas e as ansias de contestación permaneceron na memoria da xente.

Corenta anos despois da desaparición daquel centro de cultura en Elviña a veciñanza volve unirse para levantar un local social, sen saber da existencia dun centro de cultura anterior.

O novo proxecto de local social eclosiona por dúas circuntancias claras. O Relámpago estaba a buscar un local que tivese as dotacións necesarias para os xogadores, unas instalacións onde puidesen ducharse e cambiarse. Naquel momento o Relámpago ocupaba un local cedido pola Castela, dona da tenda máis concorrida de Elviña. As necesidades que lle son propias a un equipo de fútbol levaron ao Relámpago a buscar un edificio que tivese o equipamento mínimo. No mesmo tempo e no mesmo lugar as necesidades colectivas das dúas aldeas provocaran o nacemento da asociación de veciños que estaba organizándose e aglutinando xente para lograr que servizos tan básicos como a luz eléctrica e o abastecemento de auga chegasen a tódalas vivendas de Elviña e Castro.

Xorde a idea de que o Relámpago e a asociación de veciños xunten as súas forzas para levantar un local social. Ao proceso de edificación súmase unha nova sociedade que dalgún modo protagonizará o proxecto integrando tódolos axentes implicados. O 15 de febreiro de 1978 nunha asemblea celebrada na escola de don Antonio, constitúese A Sociedade Recreativa, Deportiva e Cultural Tempo Novo. A súa primeira directiva está constituída por Emilio Jaspe Deza (Milucho) na presidencia, Manuel Bermúdez Blanco (Chao) na vicepresidencia, Manuel García Casás (Manolo de Hilario) na secretaría, Paulino Cruz Rey (Lino) na tesou-

raría, e Germán Canosa Teijido, Javier Díaz Catoira, Antonio Fernández Díaz, Eduardo Fernández Vázquez, Leandro Fidalgo e José Rodríguez nas vogalías.

Á cabeza da sociedade estará unha persoa que resultou determinante no proxecto, Emilio Jaspe Deza. Milucho fora presidente do Relámpago de Elviña. Era unha persoa á que lle gustaba o fútbol e a cultura, sendo ademais moi querido e admirado en Elviña e Castro, polo que o seu duro traballo en involucrar os veciños foi decisivo. Tal foi a súa implicación no proxecto que se pode considerar que el foi a alma máter da construción do local e de Tempo Novo.

A idea toma corpo. Aproveitando a inercia xerada pola xente do Relámpago, xúntanse as tres sociedades e toda a veciñanza de Elviña e Castro para construír un local social. Ten os retos de calquera obra, destinar un capital a construción e ter uns planos sobre os que construír.

Neste punto a participación da veciñanza vai ser clave. Emítense unhas participacións para que cada veciño aporte diñeiro. En total fixéronse 600 accións, é dicir, 600 partes a cubrir entre todos. O obxectivo era dobre. Por un lado acadábase un capital co que comprar un terreo e empezar as obras e por outro lado, e aquí vén o importante, a propiedade do edificio sería directamente da xente de Elviña e Castro. Pretendíase entre outras cousas evitar que a disolución de calquera das sociedades supuxese que unha entidade allea ao Pobo acabase por facerse dona do local.

Os planos vainos facer o arquitecto Xan Casabella, quen tamén foi o creador do logotipo de Tempo Novo. O seu traballo faise de forma desinteresada. Presenta un proxecto moi innovador, que se vai adaptando ás circunstancias. En setembro de 1978 coincidindo coas festas patronais vaise facer unha presentación oficial da maqueta do centro cultural. O acto culminará nun Festival de Música Galega, que trae gran número de persoas a Elviña. No festival de música participan Fuxan Os Ventos, Suso Vaamonde, Carlos García Casás, Jey Noguero e Pablo Quintana.

O 17 de xaneiro de 1979 a asemblea acorda a compra dun terreo na Eira de Xaner, a carón do Cruceiro. O soar procede das fincas chamadas “Da Aira” e “Das Hortas”. Páganse trescentas mil pesetas, coa boa vontade da propietaria, Otilia Otero No, quen rebaixa o prezo inicial considerando que a finalidade da compra era construír un local social. Feita a compravenda do terreo o proceso de escritura vai ser lento. Os propietarios organízanse como socios de Tempo Novo, cedendo a perpetuidade o uso do local que vai ser edificado ás tres sociedades. Durante tódolos sábados de catro meses, Milucho acompañará a



grupos reducidos de socios propietarios, ata completar os 160, á notaría de González de la Huebra, que estaba na rúa Real da Coruña.

O inicio da construción

Co terreo comprado e cos planos feitos, o seguinte reto foi a execución material do edificio. No ano 1980 a asemblea de Tempo Novo acorda empezar as obras. Os planos estaban feitos. Era necesario organizar a man de obra, para o que se fan unhas listas coa xente que debe ocupar os grupos de traballo. Establécense quendas para os domingos nas que debería haber un mínimo de catro albaneis e seis peóns. Foi unha colaboración desinteresada na que todo o mundo traballou sen distinción. Finalmente as quendas traballaron sábados e domingos pola mañá. Había moita xente do ramo da construción. O encargado da obra era Antonio Fernández (Trus) e quen se encargaba da provisión de material era Félix, Félix Fernández Hermida. Foron tempos de traballo colectivo no que a implicación persoal foi grande. No traballo participou todo o mundo de Elviña e Castro e sen diferenzas. A influencia que tiña Milucho tamén facilitou que houbera colaboradores de lugares veciños, como Palavea, Feáns e Mesoiro.

O material collíase en establecementos próximos. Un dos

principais establecementos que fornecía de material á obra estaba localizado en Vilaboa; a el acudira unha persoa que respondeu polas compras de material.

O primeiro ano de construción de traballo voluntario de sábados e domingo, foi ocupado en facer as cimentacións do edificio. En paralelo vai xurdindo a necesidade de novos fondos cos que soportar os gastos. Os custos globais das obras son de 6.000.000 de pesetas. Os medios de recadación foran aportación de socios e os cartos conseguidos pola organización das festas patronais. Coa obra avanzada era preciso máis. Aparece neste momento a figura de Bernardo Valiño, que expón o proxecto da construción do local social á Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. Vaise conseguir deste modo unha subvención de 2.500.000 pesetas, que deron un empuxón definitivo ao proxecto.

Coa obra rematada chega o momento de darlle de encher o edificio. Novamente as accións solidarias volven estar presentes. O colectivo coruñés de pintores “Desnivel” vai doar dezaoito cadros para que colguen nas paredes do local e Marilina Gundín doa o mobiliario necesario para a instalacións.

O día que se escolle para a inauguración é o 1 de maio de 1985, porque era o día do traballador, naqueles tempos o día de San Xosé Obreiro.





A casa da Cultura

Durante o percorrido inicial do local social unha das cuestións fundamentais foi a de conseguir fondos para crear unha biblioteca. Escríbense cartas a diferentes organismos públicos para que fagan aportacións con libros, e tamén son moitos veciños os que a modo de aporte individual van achegando os seus propios libros. Van chegando doazóns e a sociedade cultural compra os volumes da prestixiosa Gran Enciclopedia Galega.

Empezan a programarse actividades, música, teatro, conferencias. Nos primeiros anos de existencia do local social os veciños de Elviña e Castro estaban acollendo unha oferta cultural á altura de calquera cidade do país. Había actuacións teatrais, relatorios sobre as máis diversas cuestións culturais, debates, e tamén se inician nese tempo cursos para a veciñanza, como o de xadrez, traballos manuais, obradoiros de máscaras, etc. A oferta musical foi moi variada, desde música tradicional a internacional; no ano 1986 actuou a Celebration Jazz Band, de Gran Bretaña, que estaban participando na Romaría Internacional promovida por Bernardo Valiño. Tamén da man de Valiño tocou unha orquestra sinfónica na igrexa de Elviña.

As sinerxias xeradas na Casa da Cultura culminaron coa creación dunha banda de gaitas que tomou o seu nome dos míticos Rexumeiros. Volve haber un traballo colectivo. A compra dos instrumentos faise en Seivane, e cómpranse telas para confeccionar os traxes da banda. A forte tradición musical de Elviña retómase coa Banda de Gaitas

Os Rexumeiros de Elviña e Castro, que ten como director e alma máter a Bieto Romero. Hai que dicir que moitos das mozas e mozos que integraron aquela banda agromaron con forza despois no panorama musical galego.


A banda de gaitas presentouse no ano 1994 na praza dedicada a Milucho, a praza de Emilio Jaspe Deza. A banda tivo un percorrido intenso até que foi desaparecendo.

Foi un tempo de esplendor no que Elviña e Castro eran referentes na cultura. Non hai que ser nostálgicos, pero si estar orgullosos da nosa historia. Cos seus altos e os seus baixos o local social chegou aos nosos días e segue a ser a Casa da Palabra das aldeas de Elviña e Castro. Que o sexa por moito tempo!

NOTA:

Este artigo elaborouse en base á documentación existente na Sociedade Cultural Tempo Novo, en base aos aportes do coloquio que tivo lugar o de setembro de 2018, recordando os corenta anos da presentación do proxecto e no que compartiron a súa memoria Chao, Lino, Carlos de Ventura, Manolo de Hilario e Xan Casabella. Tamén se usaron recortes de prensa que nos cedeu Chao e volve-mos entrevistar a Carlos de Ventura e a Manolo de Hilario.

Van escritos algúns dos nomes que protagonizaron o proxecto. A participación de xente foi tan intensa e tan extensa que nos resultaría imposible citalos a todos.



Arquivo Fotográfico Elviña e Castro.

Un lugar no mundo chamado Elviña

Por Roi Monelos

De forma secular o territorio en Galicia organízase en unidades colectivas denominadas parroquias, sendo un modelo que bebe de estruturas territoriais moi antigas. Xa na Idade Media podemos ver territorios agrupados en coutos xurisdicionais nos que as parroquias están presentes. Esta conformación do territorio chega aos nosos días nos que Galicia se conforma territorialmente en provincias, comarcas, concellos, e dentro destes últimos as parroquias.

A lei galega recoñece a existencia de entes xurídicos denominados parroquias. E de acordo co Plan Básico Autonómico o municipio da Coruña está conformado territorialmente pola cidade da Coruña e catro parroquias: Elviña (San Vicenzo), Oza (Santa María), San Cristovo das Viñas e Visma (San Pedro). Dentro do ente colectivo chamado San Vicenzo de Elviña hai unha poboación denominada Elviña. A consecuencia parece obvia, hai un lugar que se chama Elviña que dá nome a un territorio máis amplo que se chama oficialmente San Vicenzo de Elviña.

A cuestión non é novidosa. A vila da Coruña fúndase por un outorgamento real de Afonso IX no ano 1208; establé-

cese un poder institucional, o concello, que actúa sobre unha vila e un territorio con fronteiras ben definidas. Ese territorio chámase couto e está conformado por parroquias. Dentro do couto da Coruña estaría a parroquia de Elviña. Transcribe Dolores Barral un texto do ano 1372 no que aparece a parroquia de Elviña, xunto con outras, dentro do municipio da Coruña: “(...) *nas frigrisias de San Viçenço del Vinna et de San Cristovoo de Faro et de San Pedro de Vysma et de Santiago de Seyro et de Santiago darteyio (sic.) que son no couto da Crunna(...)*”

A aparición na documentación medieval da parroquia de Elviña é algo recorrente. Nun códice en latín do ano 1256, transcrito por Xosé Manoel Sánchez, aparece citada a igrexa de “*Sancti Vicentii de Eluina*”. No Corpus Documentale Latinum Gallaeciae (CODOLGA) aparece outro documento de 1283 do Tombo C da Catedral de Santiago no que se cita Santo “*Vicencio de Eluina*”. En documentos do século XV aparece baixo unha estraña forma San Vi-senço del vinna, na que a raíz é segmentada nun erro de transcripción.

No século XVI encontraremos as últimas formas nas que a advocación da parroquia aparece como San Viçenço. Por exemplo están documentadas formas como San Viçenço d’Alvina e San Viçenço delviña, entre outras formas. A partir do XVII a forma que se volve única é San Vicente de Elviña.

A advocación da parroquia é moi antiga, pois está dedicada a un dos primeiros mártires da Igrexa, San Vicente Mártir. O nome procede do latín *Vincentius*, que en galego dá as formas Vicenzo e Vicente. As grafías “Viçenço” e “Vinsenço” estarían evidenciando unha pronuncia sibilante do nome da parroquia, é dicir, pronunciada sen o ceceo actual que predomina no galego falado na nosa parroquia.

Pero, de onde procede o nome Elviña? Vaiamos atrás no tempo. Entre os séculos IX e XII aparece con prominencia o nome dunha localidade chamada *Farum Brecentium* ou Faro. Corresponde con seguridade á cidade da Gallaecia denominada Brigantia e na que Paulo Orosio sitúa un altísimo faro que mira cara a Britania. É a mesma cidade que será refundada como Crunia.

Un códice sen data pertencente ao tombo de Sobrado sitúa unha vila chamada Elvina na Terra de Faro. É un documento testamentario no que se enumeran as herdades que han de ser repartidas entre os fillos de Rodrigo Froila (*Rodericus Froyle*). Os territorios que se citan no documento son todos eles incluídos nos dominios dos Conde de Traba. O Rodrigo Froila que se cita no documento talvez sexa o fillo do Conde Froila Bermúdez e Elvira de Faro, que naceu no século XI e morreu en 1133.

O texto transcrito por Pilar Loscertales na súa edición dos tombos de Mosteiro de Sobrado, di así no fragmento no

Vestixios da cidade galaica do Monte dos Crutos. Autor: Manuel Bouzón



que aparece *Eluina*: “*In terra de Faro Sancti Christofori medium cum suis adiunctionibus, uillam Laureiru, uillam Eluinam, uillam Aguelam*”.

O concepto vila é distinto ao que hoxe entendemos por tal. En orixe o latín *villa* designaba unha casa de campo, unha granxa. Na Idade Media unha *vila* era un asentamento humano (un lugar, unha aldea) que estaba rodeada dun espazo de cultivo (agras, cortiñas, etc) e terreos incultos de monte.

As vilas son fenómenos de longo percorrido. Coa chegada dos romanos vaise producir un progresivo abandono dos asentamentos fortificados sobre os montes para emerxer asentamentos en zonas baixas. Van nacemento así as *villae*. Seguramente algo parecido debeu acontecer na importante cidade galaica que existiu no Monte dos Crutos, que durante a época romana sufriu un abandono paulatino para desaparecer nos inicios da Idade Media. Posiblemente a súa poboación foi asentándose dentro dos vales que rodeaban o castro, dando lugar a pequenos poboamentos. Un deles, con seguridade, foi Elviña.

Vaise dar un fenómeno que perdurará no tempo. Aparecen nomes de persoa vinculados ao lugar que posúen, sexan ou non os propietarios. Así, por exemplo, unha persoa chamada co nome latino Flavius vivirá nunha casa con cortiñas de arredor (unha *villa*), que será chamada “villa Flavii”, e a impronta do seu nome chegará aos nosos días como Vilachave (lugar da parroquia de Labacengos, en Moeche). Isto tamén acontecerá durante a Idade Media cos antropónimos xermánicos. Así por exemplo a *villa* de *Rodericus* será “villa Roderici”, e ese lugar de Rodrigo será Vilarrodís, na parroquia arteixá de Oseiro; ou unha persoa chamada Nausti dará nome a Nostián, lugar da veciña parroquia de Visma.

Fagamos un inciso. Os nomes de posesor son unha realidade que en absoluto é estraña á nosa cultura. Por poñer varios exemplos, en Castro aínda se conservan na toponimia tradicional nomes de posesor, o Lugar de Toba, o Monte do Cura, o río de Xan Pan e o río de Pardo. Estas realidades vanse conformando como referentes xeográficos e entran na toponimia, como por exemplo os Castaños de Veira, en Elviña. Hai moitos outros casos. Dolores Barral cre identificar o lugar de Pedro Fernández, en Pedralonga, nun documento do século XIV no que se cita un casal de Pero Fernandes.

Probablemente Elvinam sexa a forma en xenitivo dun antropónimo que descoñecemos. É un campo de estudo para lingüistas e filólogos, que en base aos seus coñecementos poderán establecer o nome de persoa do que procede o topónimo. O que si parece claro é que un topónimo


antigo. De ser correcta a hipótese de que se cita nun documento de mediados do século XII estaríamos ante un topónimo moi anterior.

En todo caso, o documento é o primeiro no que se cita o lugar de Elviña. O resto de documentos medievais que se coñecen citan a fregresía de Elviña, e son posteriores. Na extensa documentación que se conserva da Idade Moderna aparece con claridade unha parroquia de San Vicente de Elviña que está integrada por diversas aldeas e lugares, entre elas Elviña.

Nos últimos tempos xorde con forza chamarlle á aldea de Elviña polo nome da parroquia. A toponimia tradicional, a que chegou a nós por forma oral, e a documentación histórica parecen deixar claro que Elviña é o nome da aldea na que está a igrexa de San Vincenzo de Elviña.

Sabido é que existen certas néboas que moven nomes de lugar. Tememos que sexan as mesmas néboas que comen os cómaros, fan agromar torres de pisos en leiras e fan un parque onde había xente.

Elviña en 1859





O príncipe Alfred con uniforme naval. 1865. Cadro de Franz Xaver Winterhalter. Palacio de Buckingham (Wikimedia Commons)

Historias de vida en Elviña na segunda metade do século XIX

Kosé Alfeirán Rodríguez

Desde comezos do século XIX, Elviña forma parte da historia europea occidental. A batalla que afrontou en 1809 a franceses e ingleses no seu territorio e na que atopou a morte o xeneral sir John Moore fixo que obtivese ese privilexio. E o desexo dos ingleses de conmemorar o sacrificio do seu heroe caído e enterrado na Coruña aumentou a súa fama, facendo que a visita á súa tumba, e ao campo de batalla onde foi gravemente ferido, fose unha parada obrigada para calquera británico ou personaxe ilustre que recalase no porto coruñés. Máis tarde, no século XX, o desenvolvemento das investigacións históricas e a revalorización dos bens patrimoniais incrementaron a súa importancia histórica debido aos achados arqueolóxicos atopados no monte das Arcas e no Castro e á relevancia da súa igrexa parroquial de San Vicente, románica do século XII. Todos estes datos fálannos dun espazo habitado e explotado desde épocas remotas da prehistoria por unha comunidade humana agraria que, con discontinuidades, alteracións e cambios, aínda se mantén na actualidade. No entanto, pouco sabemos da vida desa comunidade nas distintas épocas históricas que se sucederon no tempo. Faltan estudos e as fontes son escasas.

A partir do século XIX podemos tentar aproximarnos a

algúns dos acontecementos sucedidos en Elviña por medio da prensa. Pero temos que ter en conta que a visión que obteremos será parcial e insuficiente, pois os periódicos están feitos nas cidades e destinados a satisfacer a curiosidade da poboación urbana e burguesa; do mundo periférico e agrario só reflicten aqueles aspectos máis anecdóticos ou sangrentos que chaman a súa atención, amosando unha forte incomprensión da sociedade agraria tradicional. Repasando os exemplares conservados desde 1850 ata 1900, de cando en vez aparece publicada algunha noticia breve sobre Elviña. Imos facer unha viaxe por elas, para revivir o pasado.

A gran serpe de 1857

Unha das primeiras é moi curiosa. Foi publicada polo *Diario de la Coruña* o 24 de maio de 1857. Paga a pena reproducila íntegra:

“Apareció en Elviña, lugar distante media legua de esta capital, una enorme serpiente cuyas alas solo tienen seis cuartas de largo. No es cuento: dos trabajadores la han visto y huyeron aterrados. Los mismos presenciaron, cosa

espantable aún, que un zorro que acertó a pasar por allí lo engulló el monstruo en un abrir y cerrar de ojos sin dejar de él mas que la punta de la cola y esto porque no la quiso. Dice que se prepara una montería por los vecinos del sobredicho lugar y mas comarcanos para circunvalar el monte a donde se encuentra ahora el animalito, en el caso de que no se efectuase el proyecto acordado de quemar el mismo monte.”

A bicha era grande: as seis cuartas de largo equivalen a 1,254 metros. E debeu asustar á xente para que fose publicada a súa existencia na prensa coruñesa. Non sabemos se o demais foi certo ou forma parte da credulidade e esaxeracións dos relatos relacionados co tamaño das presas. Tampouco sabemos se ao final fixeron a batida ou queimaron o monte, pero non se volveu a falar máis diso na prensa, polo que debemos supoñer que acabaron co posible problema.

A visita do príncipe Alfred de Gran Bretaña en 1858

En ocasións o ritmo de vida en Elviña viuse alterado brevemente pola súa sona internacional. Así en 1858, o 2 de novembro, o príncipe Alfred, fillo da raína Victoria de Gran Bretaña, que desde moi novo estaba enrolado na mariña británica, viaxando como garda mariña na fragata Euryalus, tras recalar en Ferrol, decidiu visitar o “*campo donde tuvo lugar la batalla de Elviña*”. Algúns periódicos de Madrid, como *La Discusión*, *El Clamor Público* ou a *Gaceta*, e de Inglaterra, como o *The Teesdale Mercury*, recolleron a noticia. Por eles sabemos que chegou á Coruña, desde Ferrol, a bordo do vapor español Santa Teresa, sendo recibido, ás once da mañá, polo capitán xeneral con salvas e honores de infante de España. Tiña nesos momentos 14 anos. Despois, acompañado polas máximas autoridades militares e políticas e outras persoas, foi ata o campo de batalla de Elviña. Seguro, aínda que os periódicos non o din, que a comitiva foi obxecto da curiosidade e dos comentarios dos veciños dos lugares por onde pasou. Máis tarde iría ata o sepulcro de Moore e por último foi agasallado cunha comida en Capitania na cidade vella coruñesa. Ás catro e media da tarde regresou a Ferrol, dando grazas ás autoridades polas deferencias con que foi recibido. Moitos anos habería que esperar para Elviña recibise a visita doutro membro da familia real británica.

O príncipe Alfred con uniforme naval. 1865. Cadro de Franz Xaver Winterhalter. Palacio de Buckingham (Wikimedia Commons)

O motín contra a quinta de 1869

A vida dos labregos de Elviña estaba marcada polos ritmos agrarios e as festividades relixiosas católicas. Ademais de facer fronte á súa dura subsistencia tiñan que soportar as cargas impostas polo Estado. Entre elas estaba o novo sistema de recrutamento militar, a quinta, establecido en 1837. A lei establecía que todos os mozos estaban suxeitos ao servizo militar, pero podían eximirse de facelo previo pago dunha cota de redención ou podían ser substituídos por outro que o fixese no seu lugar, que evidentemente por facelo esixía tamén un pago. Este sistema foi moi impopular. O servizo militar duraba varios anos (foi variando desde 6 a 4 anos), as guerras contra os carlistas eran unha constante ameaza, e cabía a posibilidade de ter que servir nas colonias de Cuba e Filipinas. Ademais o pago da cota non estaba ao alcance de todos, librándose os ricos e burgueses, mentres que moitas familias, con algúns recursos, hipotecábanse e arruinábanse para poder librar aos seus fillos; aos pobres so lles quedaba o recurso de mutilarse, amputándose un dedo para ser declarados inútiles ou ser prófugos e emigrar, saíndo do porto da Coruña, á América para tentar librarse da pobreza e do exército. Cada ano repetíase o mesmo, as autoridades de cada concello elaboraban as listas dos quintos que lles tocaba facer o servizo militar, e cada ano a sociedade soportaba con estoicismo esa *contribución de sangue* que extraía á xuventude das súas aldeas e vilas.

Pero a situación mudou coa revolución liberal-democrática de setembro de 1868. Ademais de derrubar do seu trono á raína Sabela II, entre as promesas feitas ao pobo, especialmente polos republicanos, estivo a abolición das quintas. Sen embargo, as Cortes do novo réxime decidiron en 1869, ante as ameazas carlistas e a insurrección dos cubanos, manter o sistema de recrutamento militar. Isto xerou en abril, no momento en que se estaba facendo o sorteo da quinta, protestas violentas contra as autoridades en diferentes localidades de España. Na Coruña sabemos que os concelleiros republicanos dimitiron, negándose a participar nas tarefas de dito sorteo. E en Elviña, daquela pertencente ao concello de Oza, o seus habitantes sublevarónse contra ese recrutamento. Pouco sabemos do que sucedeu, so temos unha referencia indirecta publicada meses máis tarde en *La Correspondencia de España* o 28 de novembro de 1869. A noticia daba conta da petición de indulto para os encausados polo motín acontecido en Elviña:

“El ayuntamiento y diputación provincial de la Coruña ha

solicitado el indulto de los comprometidos en la causa instruida en aquel punto con motivo del conato de sublevación ocurrido en el monte de Elviña y para los que promovieron un alboroto al verificarse el sorteo último de la quinta.”

De novo quedamos sen saber quen foron os protagonistas da revolta e que lles pasou. O que si sabemos é que restaurada a monarquía borbónica con Afonso XII a finais de 1874, os gobernos puxeron fin ás aspiracións abolicionistas e mantiveron o sistema tradicional da quinta.


O deslinde de montes entre Elviña e Orro na sentenza de 1870

Foi publicada na *Gaceta de Madrid* o 28 de decembro de 1870. Por ela coñecemos algúns detalles dun problema complexo e secular que merece unha investigación. Aquí só faremos un esbozo provisional. O litixio iniciouse en

1863, aínda que tiña raíces que se remontaban ao século XVIII. Varios veciños da parroquia de Elviña denunciaron a diversos suxeitos da mesma parroquia e das contiguas por peche e acoutamento de montes que manifestaron que eran comunais. Segundo eles, sobre eses montes, os veciños de Elviña tiñan recoñecido o dereito de aproveitamento común desde 1771 por unha executoria da Chancillería de Valladolid e outra da Audiencia da Coruña que dispuxo que se puxeran na súa posesión ditos montes.

O Gobernador Civil da Coruña instruíu o expediente inicial e ordenou que se fixese o deslinde dos terreos da parroquia de Elviña. A tarefa foi realizada polo enxeñeiro xefe de montes da provincia coruñesa Manuel Solans en agosto de 1863 quen, tras recoñecer o terreo, fixo inicialmente o deslinde exterior da parroquia de Elviña coas veciñas, para despois facer o deslinde interior da mesma. Operación na que tivo en conta o deslinde practicado en 1749 polo Alcalde maior da Coruña e a información dos veciños de Elviña. O Gobernador aprobou o seu informe o 20 de febreiro de 1864. Sen embargo, unhas semanas máis tarde, o 1 de abril, Ramón María Arteaga, veciño da Coruña,

Plano de las demarcaciones de las parroquias de S^{ta} Siente de Elviña y S. Salvador de Orro en el monte denominado de Areas



presentou unha demanda de nulidade contra o deslinde feito polo enxeñeiro e contra os veciños de Elviña ante o Consello provincial da Coruña. A razón esgrimida era que incluían dentro dos límites de Elviña uns montes que el tiña pechados e aforados desde 1831 ao hospital de *Nuestra Señora del Buen Suceso* da Coruña e que, segundo el dicía, sempre pertenceron á xurisdición de Orro. Á súa demanda tamén se sumou José Manuel Carrero que era propietario duns terreos en Vilaboa, na parroquia de Santa María de Rutis.

A instancias de Arteaga, e como proba dos seus argumentos, o perito José Tello debuxou un plano que hoxe se conserva no Arquivo do Reino de Galicia e que aquí reproducimos:

Plano das demarcacións das parroquias de San Vicente de Elviña e San Salvador de Orro elaborado por José Tello. 31-10-1864. Arquivo do Reino de Galicia, AT-9 (Galiciana)

Nel podemos ver o obxecto de disputa. Segundo Arteaga a liña divisoria entre Elviña e Orro ía desde a capela do Espírito Santo ao río e porto da Trabe, e non valía a nova liña que desde dita capela marcou en dirección á Pedra grande o enxeñeiro de acordo cos veciños de Elviña. A nova liña facía un triángulo no que incluía os seus terreos acoutados. En apoio dos seus argumentos presentou a escritura do foro dos seus montes, que indicaba que estaban sitos na parroquia de Orro, as declaracións de varias testemuñas e o *Boletín eclesiástico del Arzobispado de Santiago* no que se atribuíu o lugar de Arcas á parroquia de Orro. O representante dos veciños de Elviña rexeitou esas testemuñas por proceder de suxeitos con intereses nos montes ou por ser moi pobres e de conduta equívoca; pola súa parte, os veciños de Orro ningún interese tiñan nesta cuestión e non interviñeron no preito.

Vistas as probas, a Audiencia Territorial ditou sentenza o 14 de agosto de 1868, declarando non ha lugar a dita nulidade e aprobando, para os efectos administrativos, o deslinde feito polo Gobernador. Non contentos con dita sentenza, Arteaga e Carrero interpuxeron novos recursos de apelación e nulidade ante o Consello de Estado que os remitiu ao Tribunal Supremo. Este, o 18 de xuño de 1870, ditaminou que as demarcacións eclesiásticas e as administrativas non tiñan porque ser coincidentes e declarou improcedentes os recursos, confirmando a sentenza anterior.

Todo este proceso, cuxo expediente consérvase no Arquivo do Reino de Galicia, permítenos coñecer o conflito sobre as lindes exteriores de Elviña, pero déixanos a escuras sobre o motivo inicial do problema que era a determinación dos montes comunais e o intento de diversas persoas

de cercalos e de apropiarse de parte deles. Non sabemos que pasou despois e habería que facer unha busca nos arquivos para tentar ver se hai constancia documental do seu resultado. O que si sabemos é que neses anos estase a producir unha grande transformación do réxime e distribución das terras en Elviña, como noutros moitos lugares de Galicia, froito dos procesos de desamortización das propiedades eclesiásticas. Xa na década de 1840 e comezos da de 1850, puxéronse á venda as propiedades que o convento de San Domingos da Coruña tiña na zona e en 1870 saíron á venda os bens do igrexario de San Vicente de Elviña; tamén, en anos anteriores e posteriores, a Delegación de Facenda da Coruña realizou numerosos expedientes de redención dos seus censos. O resultado final faría que algúns habitantes de Elviña mellorarían a súa situación, pero outros moitas empeorarían, pero o seu estudio e valoración está aínda sen facer. Por último sinalar que en 1873 vivían en San Vicente de Elviña 1783 habitantes e na de San Salvador de Orro 340 (segundo o *Nomenclátor de las provincias de Coruña, Lugo, Orense y Pontevedra*).

Tiros e navalladas nun baile de 1889

As noticias de sucesos, sobre todo se estes son sanguentos, son as máis recollidas pola prensa, hoxe e onte. En moitos casos son crimes ou altercados violentos que se recollen mostrando a maldade de certos individuos e facendo un chamamento ás autoridades para aplicar a man dura contra os salvaxes. Pero tras dalgúns deles hai un transfondo histórico que nos fala sobre unhas concretas realidades socio-económicas e ideolóxicas, sobre todo aqueles que afectan aos mozos de determinada idade e en determinados contextos. Reiteradas noticias das décadas finais do século XIX e iniciais do XX amosan a existencia dunha violencia soterrada nas parroquias galegas que estoupa en bailes e romarías entre os mozos solteiros. A chispa soen ser as disputas polas mozas, pero o que está detrás son os litixios polo aproveitamento duns recursos escasos e a necesidade de conseguir, nun competitivo mercado matrimonial, a suma de bens e propiedades que garante o sustento da futura parella nun contexto agrario de pobreza e minifundio. Estes litixios e competencias xeran frustración, retos e pelexas para gañar prestixio ante o grupo e as mulleres; pelexas nas que rapidamente se sacan navallas e pistolas, relativamente fáciles de conseguir daquela.

Unha destas circunstancias debeuse dar nun baile que se

celebrou no Castro na noite do domingo 25 de agosto de 1889; así o describe, con certa confusión na redacción, *La Voz de Galicia* do 28:

“A las doce de la noche del domingo último ocurrió en la vecina parroquia de San Vicente de Elviña un suceso lamentable.

En el lugar del Castro, de aquella parroquia, formóse un baile de mozos y mozas de la parroquia dentro de una casa.

Terminado que fue, y al retirarse unos cuantos mozos de esos que tiene a gala especial darla a todas horas de valientes, comenzaron a disparar tiros.

Junto a su casa, y apoyado en un carro de la propiedad de su padre, estaba un joven, llamado Antonio Sueiro. Los dos acababan de retirarse del baile.

De entre la pandilla de genízaros que disparaban tiros se separó uno, llamado Manuel Rama, alias El Rullo, soltero, de 30 años, y navaja en mano se fue hacia Manuel López y le infirió una profunda herida en la cara que desde el lagrimal del ojo derecho llegaba hasta debajo del pómulo.

El pobre muchacho dando gritos de socorro, comenzó a huir del agresor hasta que acudió el padre del herido.

Mientras se practicaba la cura, se presentó el Rullo para negar que él hubiese sido el autor de tan brutal atentado.”

Nada máis coñecemos do acontecido. Só a súa reiteración sistémica noutros moitos lugares de Galicia ten permitido aos antropólogos, como Lisón Tolosana ou Fernández de la Rota, e aos historiadores, como Cabo Villaverde, formular a hipótese de que non son froito do azar e do vandalismo, senón que amosan tensións endémicas da sociedade agraria galega desta época. Volveremos a velos noutro contexto maior, as romarías.

As manobras militares de 1890

Por recomendación do ministro de guerra, as diferentes autoridades militares organizaron en 1890 en España diversas manobras para mellorar a preparación das tropas. Na Coruña, por orde do capitán xeneral Morales de los Ríos, ditas manobras realizáronse o 13 e 14 de novembro de 1890. O suposto táctico era o desembarco dun exército invasor pola praia de Suevos, que subiría ata Pastoriza, tomando posicións e avanzando despois ata Palavea para conseguir rodear e bloquear A Coruña. Coñecida a noticia na cidade, as tropas coruñesas saírían ao seu

encontro para desaloxalos e evitar que chegasen a cortar a vía férrea que pola costa ía a Betanzos, Lugo e Madrid. Curiosamente estas manobras realizáronse poucos días despois do trágico naufraxio do buque da armada británica *Serpent* na punta do Boi de Camariñas, a noite do 10 de novembro, amosando os perigos de navegar pola Costa da Morte. *La Voz de Galicia* deses día recolleu sendas noticias, pero nós imos seguir o relato publicado o 15 polo *El Eco de Santiago*, que o recolleu doutro periódico coruñés, porque nel precisa, con un toque marcial, detalles desas manobras en Elviña:

“A las diez de la mañana de ayer [13 de noviembre] salieron de sus cuarteles las tropas de la guarnición, por distintas calles, para dirigirse a los puntos designados de antemano.

Formaban la primera columna, al mando del coronel de caballería, el batallón cazadores de Reus, dos piezas de Montaña y un escuadrón de Galicia.

Componíase la segunda, mandada por el coronel de Zamora, de los dos batallones de este regimiento, otras dos piezas de montaña y otro escuadrón de Galicia.

Inspeccionaba la primera columna el general de brigada Sr. Caramés y la segunda el general de división Sr. Goincoechea, acompañados de oficiales de Estado Mayor, ayudantes de campo y ordenanzas a caballo.

La primera columna las tomó en el llano de Palavea, y la segunda a la derecha del monte de Elviña.

En este estado, apareció la avanzada enemiga, formada de fuerzas de cazadores a pie y de a caballo al mando de un capitán de Reus, en la loma de Elviña, verificando antes de esto disparos la Artillería con objeto de conocer las posiciones contrarias.

A las once y media rompieron el fuego las avanzadas de los dos cuerpos beligerantes, al propio tiempo que, próximas a la carretera de Pastoriza, más fuerzas rompían el fuego contra el enemigo.

La segunda columna lo atacó por el flanco izquierdo, haciéndola retroceder y replegar protegido por la Caballería, viéndose acorralado en la casa rectoral de Elviña.

Aquí terminó el simulacro de este día suspendiéndose las maniobras a la una y media, para dar descanso a las tropas y almorzar.

Después del almuerzo, replegáronse las fuerzas para regresar a la capital, donde entró la primera columna a eso de las cuatro, y como media hora más tarde la segunda.

La brillantez y la marcialidad de las topas, de las cuales

forma parte muchos soldados bisoños, superiores a todo elogio.

El capitán general del distrito, acompañado de un lucido Estado Mayor, precedido de batidores a caballo y seguido de una escolta del regimiento 25º de caballería, al mando de un oficial, presenció las operaciones desde diferentes sitios.”

Polo que se ve houbo pelexa con fogo de fogueo polos montes de Elviña, rematando na casa reitoral. Nada nos din das xentes do lugar e non sabemos as ordes que recibiron das autoridades militares: estarían pechados nas súas casas observando os movementos de soldados e cabalos polos seus campos e corredoiras ou seguirían coas súas tarefas? Iso si, as tropas tiñan a orde de non derrubar cercas nin pisar campos sementados.

Ao día seguinte retomáronse as operacións, neste caso para desaloxar aos invasores das alturas de Pastoriza e das que dominan o val de Uxes, onde se tiñan repregado. Tralo ataque combinado das dúas columnas, os inimigos retiráronse ata Suevos onde terían que reembarcar. Culminado con éxito o exercicio táctico, as tropas desfilaron pola rúa Real coruñesa. Eran tempos de guerra de ficción e ilusión; cinco anos máis tarde, o 24 de febreiro de 1895 iniciárase a guerra de independencia de Cuba e a realidade sería tráxica e dolorosa.

A pelexa dos mozos de Vilaboa cos de Elviña na romaría de 1893

Polo que nos contan os periódicos, en calquera parte de Galicia as romarías, das décadas a cabalo dos séculos XIX e XX, ademais de ser motivo de festa podían rematar en violentas pelexas entre os mozos nela presentes. Son moi abundantes as noticias que así o reflicten, poñendo de manifesto, e servindo de amplificación, as fortes tensións existentes entre os mozos varóns e solteiros das parroquias rurais derivadas da competencia polas mulleres, dos litixios polos recursos e da solidariedade e identidade colectiva dunha aldea ou parroquia fronte ás ameazas e retos das demais.

Dada a predisposición previa e as tensións existentes, combinadas coa abundante presenza de mulleres xunto cun elevado consumo de alcohol, nas romarías calquera roce, comentario ou grito desafiante podía orixinar unha disputa entre varios individuos que podería derivar cara a unha batalla campal cando se sumasen a ela amigos e

veciños. Puños, paos, navallas e pistolas saían a relucir, causando feridas máis ou menos graves ou incluso provocando a morte dalgún dos presentes. A pelexa remataba antes de que chegase a Garda Civil, os feridos curábanse nas

casas e os desexos de vinganza reservábanse para a vindeira ocasión. Só nos casos máis graves interviña a xustiza, impondo penas aos culpables detidos.

En Elviña, o domingo 8 de setembro de 1893, festividade da Virxe dos Remedios, no atrio e na igrexa de San Vicente, habería romaría, función relixiosa e procesión, como sempre; pero as cousas torcéronse. Así o relatou *La Voz de Galicia* na súa edición do martes seguinte:

“Con motivo de la festividad del día celebróse en Elviña, según costumbre, una romería, a la que precedió la solemne función religiosa que se efectuó por la mañana. A la terminación de la misma, salió la procesión y entonces, parece que surgieron algunas discusiones entre diferentes mozos vecinos de la parroquia de Vilaboa que querían conducir, relevándose, la imagen de San Roque, y algunos de Elviña que se oponían a este deseo.

Las protestas se generalizaron luego, a lo que oímos, por no estar tampoco conformes unos y otros con el trayecto que había de recorrer la procesión; poniéndose más excitados los ánimos, con motivo de haber censurado el cura párroco desde el púlpito, poco después de terminada la procesión, la actitud adoptada por los vecinos de Vilaboa.

Estos, en número bastante crecido, no replicaron a la censura, pero cuando una vez finalizado el sermón comenzó a tocar ante la iglesia la banda popular de música de esta población que dirige el Sr. Villanueva, comenzaron a hacer frecuentes disparos de armas de fuego contra los mozos de Elviña, hiriendo a dos o tres.

El tumulto a que las detonaciones dieron lugar fue inmenso, según referencia de una persona que lo presenció, dándose a la fuga en todas direcciones cuanta gente allí se hallaba y era ajena a la reyerta. Las consecuencias de este pánico tuvieron que lamentarlas la mayoría de las vendedoras de rosquillas y fruta, que en las inmediaciones del templo estaban situadas, pues en la precipitación de la huida, muchos fueron los que derribaron sus puestos, estropeando las mercancías.

Quando fue quedando más despejado aquel lugar, los mozos avecindados en una y otra localidad, decidiéndose por la lucha cuerpo a cuerpo, se fueron a las manos, descargándose terribles golpes con grueso palos que empuñaban, algunos de ellos los mismos que servían para apoyar las nadas de las imágenes que en la procesión figuraban.



También salieron a relucir, como es de rigor por desgracia en estos casos, bastantes navajas, infiriéndose mutuamente los de uno y otro bando diferentes heridas, ninguna de gravedad a lo que parece. Uno de los contendientes resultó con un navajazo en la mandíbula derecha, y una mujer que dicese intervino para separar a dos individuos recibió una cuchillada en el pecho.

De los mozos de Vilaboa que resultaron heridos, solo conocemos el nombre de Ramón Moscoso Montero, sujeto de no muy buenos antecedentes y que estuvo procesado en varias ocasiones.

Una pareja de la Guardia Civil a la cual se envió a Elviña para intervenir () llegó a aquella parroquia cuando ya todo se hallaba en calma."

Como algúns dos mozos tiraron as imaxes relixiosas, facéndolles groseiras profanacións, e entraron no templo sen descubrirse e fumando, o ocorrido non foi considerado unha simple pelexa entre mozos de parroquias rivais, senón motivo de grave escándalo e de agravio á Igrexa e á relixión católica. Convén lembrar que nesta época o catolicismo era a relixión oficial do Estado da monarquía borbónica e as autoridades tiñan obrigación de protexela e de perseguir e castigar as ofensas que lle causasen. Instruída a causa, foron detidos Pedro Rivas Cañás, Manuel Garrido e Juan Arza, veciños de Vilaboa, e Amadeo Loureiro de Elviña, escapando o Ramón Moscoso.

O 9 de outubro de 1894 celebrouse o seu xuízo no Xulgado de Instrución da Audiencia da Coruña. Foron acusados de profanación de imaxes e obxectos destinados ao culto católico, disparo de arma de fogo e lesións. O tribunal, formado por un xurado popular, ditou veredicto de culpabilidade. *La Voz de Galicia* publicou as penas que recibiron. Polo delito de profanación de imaxes foron condenados Pedro Rivas Cañás, Manuel Garrido e Juan Arza á 4 anos e 9 meses de prisión correccional e 500 pesetas de multa a cada uno. Polo delito de lesións menos graves, Pedro Rivas e Manuel Garrido, a 2 meses e un día de arresto maior e pagar unha indemnización de 37 ptas ao prexudicado Juan Bermúdez. Polo delito de disparo e lesións graves, Amadeo Loureiro, a 3 anos, 4 meses e 10 días de prisión correccional e a pagar unha indemnización de 88 ptas ao prexudicado e procesado Juan Arza. Ramón Moscoso sería declarado rebelde. Como vemos, as penas impostas reflicten a mentalidade dominante no sistema xurídico daquela época.

Este non sería o único caso de violencia grupal non que participarían os mozos de Elviña. En anos e décadas posteriores intervirían en numerosas pelexas, resolvendo as súas discordias cos de Monelos, Eiris e outras aldeas e parroquias veciñas, a tiros e golpes. Estes constantes altercados fixeron que os periódicos empezasen a chamar á periferia da cidade como o Rif coruñés, onde as cabilas de mozos campaban as súas anchas e impoñían a súa lei.



Os Rexumeiros. Arquivo Fotográfico de Elviña e Castro

A propósito dos Rexumeiros

Grupo de Territorio de Elviña e Castro

Recolle El Ideal Gallego os partidos que o 28 e o 30 de maio de 1924 xogaron os equipos de fútbol “Rexumeiros” de Elviña e o “Hispania” da fábrica de calzado de don Ángel Senra. Os encontros tiveron lugar no campo dos Rexumeiros na Ponte da Pedra. Permanece na memoria oral a existencia dun equipo de fútbol chamado Os Rexumeiros que foi precursor do Relámpago de Elviña. Da lembranza dos nosos maiores sabemos que os Rexumeiros xogaban no Monte de Crego, no Escorial, nun terreo que era da parroquia.

A ben seguro que na memoria colectiva de Elviña e Castro “Os Rexumeiros” leva ao recordo da importante comparsa de entroido que durante a segunda metade do século XX encheu de coplas satíricas os antroidos. É moi rememorada a súa xesta de enterrar o Antroido simulando ser o séquito fúnebre do ditador Algunhas das súas letras festivas e reivindicativas consérvanse en apropósitos, follas que contiñan as coplas con música nas que as comparsas da Coruña criticaban de forma burlesca os principais acontecementos do ano. Eran follas que se repartían durante o antroido.

A actividade máis forte dos Rexumeiros tivo lugar nos tempos de posguerra, chegando a formación da comparsa ata finais dos anos 50. Con todo, as primeiras coplas que se conservan dos Rexumeiros son do ano 1927, e como veremos despois a creación da comparsa é anterior.

A impronta que deixaron Os Rexumeiros en Elviña e Castro foi de tal magnitude que moitos anos despois da comparsa o seu nome segue sendo un referente. Dese modo no ano 1977 cando se crea a asociación veciñal de Elviña e Castro collen o nome dos Rexumeiros e nos anos noventa cando a Sociedade Cultural forma unha banda de gaitas toman o nome dos Rexumeiros.

Que significa a voz rexumeiro? Esta palabra non está recollida nos dicionarios actuais de galego. Leandro Carré Alvarellos recolle a voz no seu dicionario galego-castelán publicado en dous tomos entre os anos 1928 e 1931. A

familia Carré fixo traballos de recolla de léxico e de tradición oral na comarca da Coruña, nos que tamén incluíron a parroquia de Elviña. No dicionario de Carré tradúcese a voz rexumeiro e rexumeira como “*murmurador*”. Unha das acepcións que ten en castelán é a de “*criticar algo o a alguén*”, significado que tamén se conserva en galego pois murmurador é o que fala con maledicencia.

Da mesma época, 1933, e tamén publicado na Coruña, é o Vocabulario castelán galego das Irmandades da Fala. Para o castelán “murmurador” dá como tradución as voces galegas “murmurador, alpurneiro, rexumeiro, posfazador”

En galego consérvanse as variantes rexubeiro e rexubeiro que son adxectivos que proceden das voces rexoubar e rexubar. O seu campo semántico está ben definido e está en relación con dous significados, un o de andar de xoldra e outro o de murmurar, no sentido de falar mal de alguén ou dalgunha cousa. Posiblemente en relación con esta raíz está o verbo xoubiar co significado de censurar, criticar, e que recolle Leandro Carré en 1979.

Rexumeiro é unha variante de rexubeiro. As consoantes b e m teñen unha articulación moi próxima sendo as dúas labiais sonoras, e a primeira delas oclusiva e a segunda nasal. O paso de /b/ a /m/ vémolos por exemplo na voz empregada na nosa parroquia para o bocareu, ao que se lle dicía mocarte, sendo bocarte a forma máis común en galego. Ambas voces son derivadas do latín *Bucca*.

Andar de troula e criticar cousas e persoas é algo inherente ás comparsas de antroido. Un 10 de xaneiro de 1913, La Correspondencia Gallega: diario de Pontevedra, daba a seguinte noticia na sección da Coruña: “*Se está organizando una comparsa que saldrá en los próximos carnavales. Llevará por título «La Juventud criticona de Elviña»*”.

Estamos convencidos de que esta é a primeira referencia aos Rexumeiros, “La Juventud criticona de Elviña”, que eles mesmos nos están dicindo o que significa o seu nome.



Momento da conversa na biblioteca

A nosa memoria como Pobo.

Grupo Territorio Tempo Novo

É un domingo de empezo de decembro, loce o sol e a brisa trae algo de frío. A mañá está tranquila coa calma normal das fins de semana nas que non hai tráfico en Elviña, e nas que non se sinte o zunido de Alfonso Molina.

Na biblioteca de Tempo Novo están Loli, Varo e Pilar. Están citados para que recollamos a súa memoria sobre a historia recente de Elviña. Antes de empezar xa nos comentan que toda a historia do que se chamou “Ofimático” está completamente escrita. Hai centos de artigos de prensa, algún deles moi ben escrito, entrevistas, e incluso audiovisuais. Resulta difícil plasmar sobre o papel a forza que ten a expresión das súas miradas cando falan da súa historia.

Estamos convencidos de que a nosa memoria como Pobo non pode estar completa sen o seu testemuño como veciños que foron asoballados pola cobiza urbanística dos que deseñan o noso urbanismo. Elviña e Castro son anacronismos rurais nun urbanismo voraz ansioso de facer negocio ao amparo dunha administración que promove proxectos especulativos.

Calquera de Elviña ou de Castro é fillo, neto ou bisneto de labregas e labregos. Por moi pobre que fose a xente, sempre tiñan unha casa na que gardarse, unha leira que cultivar, un prado para levar as vacas e un monte no que coller leña e plantar centeo. Todo o mundo ten terras, pero xa houbo outros que se encargaron de darlle mellor uso, uso de interese público.

O territorio de Castro e Elviña foi repartido en plans urbanísticos, é dicir, liñas nas que se plasman grandes proxectos urbanísticos e que acaparan centos de hectáreas a un prezo baixo, porque un suposto interese público motiva

expropiacións. Trátase dun caso digno de estudos antropolóxicos pois o sistema hereditario é interrompido polas Administracións públicas, que sempre encontran algo de interese público ao que dedicar as terras de cada quen.

O empezo do Ofimático foi algo así, un proxecto de interese público para levantar un barrio de oficinas. Como rematou convertido no proxecto dun novo barrio con máis de dúas mil vivendas? Pili comenta que marcar a cronoloxía do Ofimático é complicado. Nós fixemos unha proba e saíron dúas páxinas colmadas de datas e información técnica. Non é a nosa pretensión facer unha exposición de todo o que antecedeu ao Parque Ofimático.

En trazos xerais o proxecto empezou como un barrio de oficinas. A Xunta comezou a expropiar ou comprar á forza terreos para iniciar o proxecto. Cando xa tiña máis da metade das terras nas súas mans solicita unha nova clasificación dos terreos, para que pasen de uso terciario a uso residencial. Este movemento especulativo deu lugar a denuncias ante o xulgado, que remataron anos despois dando razón aos expropiados, aínda que os terreos especulados nunca lles foron devoltos, sendo indemnizados con metros edificables, facéndoos participes da promoción.

No 2003 conséumase o cambio de plan. É onde aparece o Parque Ofimático tal e como o coñecemos hoxe. O norte do núcleo pasa a estar afectado polo novo desenvolvemento. Os tres recordan que a aprobación dun plan que lles afectaba. “Sempre pensas que estas cousas van para largo”. Loli é moi gráfica cando recorda que a súa avoa sempre dicía “que vén o polígono, que vén o polígono

(...)” e engade “non chegou o polígono, veu o Ofimático”. Refírese ao gran proxecto urbanístico dos inicios dos anos sesenta, o Polígono de Elviña, que pretendía levantar máis de doce mil vivendas entre Monelos e Elviña, urbanizando as marxes da Avenida. A pesar de quedarlle o nome, o polígono nunca chegou a Elviña, aínda que a ameaza estivo aí moitos anos.

Co plan aprobado empezan a axexar os compradores, as casas son o de menos, o que lle importaba aos compradores era o terreo. Os de Elviña tiñan claro que querían permanecer no lugar onde naceran e viviran.

Pasa o tempo e no ano 2008 lles chegan as primeiras noticias de que teñen que deixar as súas casas. O goberno local, gobernado nese momento polo PSOE e Bloque, acababa de decretar o inicio das obras dentro do parque. “O peixe estaba vendido”, comenta Varo. Axiña chegarán as primeiras cartas para que os veciños entreguen as chaves das súas casas. É un golpe duro, pois ademais de ter que deixar as súas vivendas pasan a ser promotores da urbanización.

Foron os tempos das primeiras reunións dos afectados pola promoción forzosa, todas aquelas persoas que vivían dentro das fronteiras do novo parque e que non venderan. A realidade era crúa, pois a indemnización que lles dan polas súas vivendas e polos seus terreos non chegan para pagar a primeira cota de urbanización. Son legalmente

promotores e polo sistema de compensación teñen que participar nos gastos de urbanización.

O novo goberno municipal, desta volta en mans do PP, puxo en marcha a execución das obras. Os traballos de desmorte avanza e con eles os primeiros veciños que teñen que deixar forzosamente as súas casas, o que deixa ver o principal problema do Parque. Varo, Pilar e Loli, recordan aqueles momentos. Eles tiveron claro que o fundamental era protexer a vivenda.

Fan as primeiras mobilizacións. Un dos sitios onde fan visibles as súas protestas é a ponte de Elviña, onde acoden tódolos venres, chova, trone ou faga sol. Aparecen os primeiros colectivos en apoio das súas demandas, do que o máis destacado vai ser Stop Desafiuzamentos da Coruña. Tamén durante esta loita pola permanencia eles mesmos se organizaron como Elviña non se vende.

Os desaloxos forzosos continuaron durante as mobilizacións. Un feito que teñen claro que marcou un antes e despois foi a resistencia cívica na casa de Varo. Son feitos de sobra coñecidos cando Varo e súa familia se negan a abandonar a casa na que viven. A forza da policía é respondida cunha resistencia pacífica.

Aquela resistencia cívica ante unha actuación desproporcionada foi o que posibilitou que o resto de casas afectadas polo Ofimático quedasen en pé. Marchou o goberno



Manifestación na Avenida



Aniversario do derrubo da casa de Varo (Foto do Facebook de Elviña Non se vende)



Entroido reivindicativo (Foto do Facebook de Elviña Non se Vende)

local que ordenara aquela barbarie e entrou un novo goberno, o da Marea Atlántica.

As expectativas durante este período foron grandes, pois o novo goberno prometera cumprir a que era unha das grandes demandas, a desafectación. O que se pretendía era quitar Elviña do Parque Ofimático, solucionando así o problema.

A vontade por liberar Elviña do Ofimático non frutificou. Certo é que non se desaloxaron máis casas. Os veciños continuaban sendo promotores forzosos, e os gastos de urbanización seguían aí, como unha bola que se vai agrandando. As débedas en relación á urbanización seguen aí, xerando intereses.

O problema vai pasando de goberno en goberno, o actual, en mans do PSOE, está en diálogo con eles. Coméntannos que a palabra desafectación desapareceu e que no seu lugar se está falando de alternativa.

É media mañá na biblioteca de Tempo Novo. Apagamos a gravadora. Pilar e Loli volven para as súas casas que están cerca do local social, tan preto e tan lonxe, pois en medio hai unha fronteira marcada polo urbanismo. Varo colle o coche para ir á súa, que xa non está en Elviña. A el, como a outros, botárono pola forza. A súa casa xa non está aquí. Do outro lado da ponte tamén faltan casas e xente que sempre estivo aí, e que xa non está.

Quixemos recoller a seu relato neste caderno dedicado á memoria oral. É a historia do urbanismo que nos deron. Calquera familia de Elviña e Castro ten nocións do que é o urbanismo especulativo. O que bateron na xente afectada polo Ofimático non ten nome. Para cando A Coruña terá un urbanismo a favor das persoas e non contra delas?

Ante a especulación só queda un camiño, a resistencia.



O trasno colle a forma de cabalo branco

Nas Corredoiras do Trasno

Por Luís Gómez Souto

Ata ben avanzado o século XX boa parte dos camiños públicos do rural coruñés non contaban con luz eléctrica. As nenas e nenos que naceron nos anos trinta e corenta do século pasado coñeceron un mundo no que as comunicacións principais se facían a pé e no que ás noites se camiñaba ás escuras. Foi a última xeración que percorreu a pé o noso territorio e que conviviu con aqueles seres mitolóxicos que eran donos da noite.

A miúdo hai quen conta que as compañías e estadeas desapareceron coa chegada da luz eléctrica ás aldeas e aos camiños. Talvez fose así. Na parroquia de Elviña moitos dos seres mitolóxicos de antano quedaron sepultados baixo o formigón e o asfalto dunha administración pública moi amiga de transformar todo. Por fortuna, Elviña e Castro aínda conservan corredoiras que perden o seu andar no tempo pola teima dalgúns en conservalas, e se cadra por elas aínda andan a correr o trasno e outros seres nocturnos.

O arqueólogo Luis Montegudo García, recordado en Castro por poñer en marcha as escavacións arqueolóxicas do Monte dos Crutos nos anos corenta, recolleu diverso folclore da nosa parroquia. Era un gran coñecedor do noso territorio, pois xa desde a súa xuventude o percorreu de forma sistemática, sendo el quen deu a coñecer as tumbas prehistóricas do Monte das Arcas e o asentamento galaico do castro de Elviña. Foi metódico nas súas indagacións anotando ademais de datos arqueolóxicos outros

referidos a expresións e lendas que oía entre a xente do lugar.

Unha das narracións orais que recolleu referíase á aparición do trasno no Lagar. Fagamos un inciso; O Lagar era un lugar da parroquia e que hoxe está dentro do campus universitario. Estaba formado pola casa de cinc que aínda está en pé hoxendía e pola casa de Antonio de Manuco. O camiño que procedía de Elviña gallaba pasando O Lagar; cara ao norte o camiño continuaba cara a Someso e cara ao oeste seguía a Mesoiro.

Á beira do camiño existía unha fonte de auga cristalina que manaba da terra, e na que a tradición oral situaba unha viga de ouro que chegaba aos Crutos. Era un treito que permanecía boa parte do ano encharcado. O lameiro deu unha curiosa etimoloxía popular que buscaba unha explicación ao topónimo no feito de que o pisar do camiño, sempre cuberto por auga e lama, era como pisar uva.

O camiño que partía do Lagar con dirección a Someso era coñecido como a Corredoiras do Trasno. Montegudo recolle varios relatos referidos ao Lagar e a Corredoiras do Trasno. Un deles foi contado polo fillo do señor Florencio, quen morreu en 1945 aos 103 anos, quen dicía que no Lagar aparecía un trasno coa forma de asno; a xente amarráballo a correa de Santo Agostiño e montaban no asno, que acababa por tiralos nun regacho próximo, porque o asno desaparecía cando cruzaba o regacho. O profesor Mon-



Foto áera do Lagar en 1956 (Arquivo do Reino de Galicia). A Corredoira do Trasno ao oeste do Lagar (esquerda) tomando dirección norte.

teagudo tamén sentiu falar de que na Pedra do Asno, que se localiza entre Os Crutos e o camiño de Castelo, aparecía o trasno ou asno.

O trasno do Lagar permaneceu na memoria oral da xente de Castro. O Toba, piar fundamental desta memoria, recorda á súa avoa contarlle que o trasno aparecía no Lagar. Sabes o que era? Un cabalo. Convidaba os mozos a subir nel “e monta, monta, monta” e caían todos no charco.

Chao, que naceu en Castro no ano 1938, lembra que se falaba dun trasno no Lagar. Recorda tamén que nos Castañaos de Veira había un camiño chamado Camiño do Trasno. Alí había oito castañeiros moi grandes e frondosos baixo os que había escuridade e un lameiro perenne. Conta Chao que nos seus tempos mozos a xente que volvía das festas de Vilaboa tiña que pasar por alí si ou si. O trasno era un animal de antes do noso tempo que era identificado co demo polo moito terror que causaba na xente.

“O lameiro era tan grande que [o cabalo] te invitaba a pasar o lameiro para que non mancharas os zapatos que levabas os domingos. Xa sabes, antes vestías [os domingos] co mellor calzado e ca mellor roupa que había. Entre o medo e a necesidade de non mancharte montabas no cabalo, esta é a leyenda, montabas do cabalo dous ou tres e entón no medio do lameiro [o cabalo] os deixaba caer no medio da lama.”

Lois Carré en Contos populares de Galiza, publicado no ano 1968, recolle unha lenda moi parecida en varios lugares da nosa comarca (San Xián de Almeiras, en Culleredo,

San Xián de Sergude en Carral, e en Bens e Seavella, en San Pedro de Visma). A lenda narra a volta de tres mozos de festa que no camiño teñen que cruzar un río e ven unha besta branca. A un deles ocorréselle montar na besta e pasar o río. O primeiro dá un brinco e monta, o segundo tamén monta e habendo sitio na garupa monta o terceiro. A besta entrou no río, e cando estaban polo medio o último dos mozos botou a vista atrás, e os pés da besta estaban chantados na ribeira e berrou “Asús, meu Dios ! rapaciños, que é o trasno” e de contado caeron os tres no medio do río, e “cando agaviaban pol-o ribanzo da outra banda todos molladiños como pitos, ouviron as gargalladas do trasno a se moquear deles e fartándose de rír”

O trasfondo cultural é un ciclo temático ben coñecido en Galicia, na que un grupo de mozos de noite na volta dunha foliada encontran un cabalo ceibo e deciden montalo para volver ás súas aldeas máis comodamente ou para atravesar o río. Conforme os mozos van montando, o cabalo vai alongando o lombo para subilos a todos e acaba por tiralos no río para se fartar a rir deles.

Nas mariñas coruñesas recibe o nome de trasno. Noutras áreas galegas recibe tamén o nome de diaño ou demo burlón. Vicente Risco estudou o tema e diferenciou tres figuras que se encontran baixo o nome do trasno. Conforme á súa clasificación o “trasno” propiamente dito é un espírito que actúa no ámbito doméstico, o “tardo” sería un xenio que senta no peito dos dormentes para provocarlles o pesadelo e o “diaño bulreiro” ou diaño burlón actúa principalmente nos camiños onde se presenta para se burlar dos incautos que atopa. Certamente as tres figuras existen na mitoloxía popular con trazos ben delimitados.

A denominación que se lles dá varía en función da zona. Nas linguas románicas iber-occidentais a forma común para ese xenio doméstico é trasgo para portugués e castelán, e trasgu para o asturiano. Para Corominas procede do latín transgredi (cruzar, cometer infraccións), que dá o verbo actual transgredir (cruzar as normas). En irlandés *trasnú* (de *trasnaigh*, cruzar) é un cruzamento, e cruzar algo cando implica movemento é “*turas trasna*”. En todo caso a súa etimoloxía é difícil, e parece estar en relación co carácter transgresor que se lle supón ao trasno.

Retomando a figura do cabalo, en Portugal esta figura asóciase aos corredores, persoas que por unha mala fada acaban convertidos en animais. En Asturias e Cantabria aparecen figuras semellantes á galega co nome de diaño ou diablu burlón, que tamén toman formas de cabalo e de asno e que se presentan de igual forma que o diaño bulreiro galego. O paradigma do trasno /diaño bulreiro en forma de cabalo presenta trazos comúns, un cabalo que

se presenta aos mozos que volven dunha festa ou unha romaría, que estira o seu lombo para acoller cantos xinetes sexa necesario e cando están todos montados corre ata estoupar ou desaparecer, co que os xinetes caen na auga. A presenza do río que hai que cruzar está fortemente asociada a estas lendas.

Por outra parte é moi común que o carácter demoníaco que se lles outorga quede claro en moitos relatos pois cando se cita o nome de María ou Xesús o animal desaparece, ou como no caso do Lagar o feito de levar a coorea do Santo Agostiño serve para domear o trasno.

Lendas semellantes en Europa

O tema é moi antigo e está presente en todo o Atlántico, o noso Mare Nostrum. Así por exemplo Sébillot recolle na súa obra *Le Folklore de la Bretagne* (1950) a lenda da vila bretoa de Bruz sobre a existencia dunha besta branca de gran tamaño que alonga a garupa para acomodar catro persoas, e cando xa están montadas tira con elas ao río. Nese momento aparece un anano a se rir dos incautos camiñantes que deitara no río.

No caso bretón, igual que noutros países, pode aparecer no relato oral un cabalo que ten certo afán de burla ou que pode ser domesticado. Tamén conserva o folclore bretón un carácter demoníaco e tráxico. Así, deste modo, en Plouguenast, Bretaña, unha lenda falaba dun cabalo que se presentaba aos nenos e que alongaba o lombo para que collesen catro ou cinco e cando xa estaban montados afogábaos a todos. Moi similar é a lenda que conta Katharine Briggs nas Terras Altas de Escocia; había un cabalo que era chamado *each uisge* (literalmente cabalo da auga). Cando alguén montaba nel quedaba pegado e non podía desmontar. Contábase que un grupo de nenos viran unha tarde de domingo un cabaliño fermoso apastando xunta o lago. Primeiro montou unha nena e tras dela seis máis. O último dos nenos decatouse de que o poni estaba alongando o lombo para acomodar a cada novo xinete. O grupo que montara acabou afogado no lago.

Unha historia idéntica recóllea Leite de Vasconcellos en Portugal coa diferenza de que ao decatarse o último dos cativos do que está acontecendo agarra o cabalo polas orellas para que os seus compañeiros baixen. Cando están todos desmontados o rapaz solta o cabalo que se mergulla no fondo do río.



En Irlanda existe a figura do *púca* que colle diferentes formas animais, sendo unha delas a de cabalo. A súa caracterización é complexa, igual que no caso galego, porque designa tanto a xenios domésticos como a entes demoníacos. En irlandés moderno “*púca*” significa pantasma, e talvez proveña do inglés medieval “*pouk*”, co significado de demo. Os relatos arredor del falan sobre el como un xenio doméstico, como podería ser o trasno galego. De igual modo ten a capacidade de transformarse en diferentes animais, como o asno, o boi, a cabra ou a aguiá. Díciase que se o *púca* era domesticado sería un cabalo sen igual, pero como recolle Yeats no ano 1888 “se algunha vez chegasen a ver o brillo da auga, meteríanse nela cos seus xinetes, e esnaquizaríanos no fondo”. O *púca* tamén é presentado como un cabalo negro que emprende carreiras infernais cos xinetes que o montan e quedan pegados no seu lombo, e que finalmente son devorados por el. Outras versións son máis benevolentes e falan dun cabalo que cando alguén o monta inicia un galope que durará toda a noite para que finalmente, ao cabo da noite, o *púca* tire o xinete, completamente exhausto, no mesmo lugar onde o montou.

Os paralelismos permítennos ver a existencia dunhas crenzas parecidas compartidas na área atlántica, con certos paralelismos arredor do cabalo.

Outras crenzas relacionadas

Retomando a lenda do Lagar, recollera Luis Monteagudo nos anos corenta do século pasado que alí aparecían luces. É sen dúbida unha alusión á estadea, unha aparición nocturna de luces que son de mal agoiro. Tamén se di dela que é unha procesión de ánimas que portan velas ou incluso melóns con velas no seu interior. O seu nome pode que veña de “estadal”, que en galego medieval significa cirio, vela. A estadea é un nome que se lle dá en Galicia á procesión de ánimas e tamén a unha figura espectral que é anuncio de morte. No caso da nosa parroquia o nome parece referirse á hoste de ánimas, a compañía. Era unha crenza que a estadea “viña leva-los anxeliños”, é dicir ás ánimas dos nenos defuntos.

Precisamente polo Lagar pasaba o camiño dos enterros que proviñan de Mesoiro e Vío con destino a Elviña. Era un punto de referencia nas comitivas pola dificultade que supoñía pasar ese punto a miúdo encharcado.

Ana Filgueiras no seu completo estudo sobre o val de Elviña recolle que a Corredoira do Trasnó era tamén o camiño da estadea, e que na corredoira se aparecían fantasmas.



Paralelos europeos: o “*púca*”

Incluso recolle un relato no que se mesturan os atributos da estadea e o trasno, sendo a estadea a que colle forma de cabalo e tira aos xinetes no río.

Daniel Giraudon, gran investigador das crenzas arredor da morte en Bretaña, apunta un dato interesante sobre os camiños e as aparicións. Falando da Ankou, que é unha figura espectral que vén levar as ánimas dos mortos, di que os camiños polos que pasa son os mesmos que usan os séquitos funerarios. Afirmo que son camiños antigos que unían aldeas coas súas igrexas e por onde eran levados os mortos. Novos camiños foron abertos, pero os cortexos fúnebres seguiron transitando polos camiños antigos. Di Giraudon que son camiños de vivos e mortos, os primeiros que se collen ao nacer para ir ao bautismo e que levan ao último destino.

O camiño do Lagar continuaba a Mesoiro, aldea na que hai un rueiro ao que lle chaman o Güerto; o topónimo transcribímololo tal é como é coñecido, coa consonantización e ditogación influenciadas polo castelán. Supoñemos que o topónimo procede do latín *hortus*, co significado de horto. Na extensa zonas de cultivo que hai diante do Güerto pasaban os ríos que procedían de Feáns e Vío. Existía a crenza, conforme contaba Pilar Deza (nacida en Mesoiro no ano 1901), de que no río aparecía de noite un cabalo cunha caixa no lombo. O cabalo corría ata a casa onde deixaba o cadaleito e desaparecía. Alí onde deixara a caixa aparecía morto alguén da casa á mañá seguinte.

En Pontevedra existe unha figura de mal agoiro que se chama Urco, que toma diferentes formas. Aparicio Casado, no seu traballo de memoria oral de Poio, recolle que dicían que o Urco era un cabalo que nacera no monte e que cando baixaba ás casas daba un rincho diante dunha delas, onde á mañá seguinte aparecía morto o dono da casa.

O contexto cultural que dá lugar a estas crenzas e lendas sobre cabalos é moi antigo. Na mitoloxía dos pobos indoeuropeos o cabalo aparece como condutor de ánimas ao outro mundo, o que deixou un pouso na cultura popular de diferentes partes de Europa no que chegan aos nosos días lendas sobre cabalos demoníacos.

No caso galego eses cabalos mitolóxicos que podían atravesar os límites entre os dous mundos quedaron asociados a un espírito traveso como o trasno. Son demos que aparecen na noite transformados en cabalos e que causan o terror entre os camiñantes.

BIBLIOGRAFÍA CITADA

Aparicio Casado, Buenaventura (1992) *A tradición oral en Poio. Claves interpretativas*. Pontevedra: Deputación de Pontevedra.

Briggs, Katharine (trad. Esteve Serra) (1998). *Diccionario de las hadas*. Palma de Mallorca

Carré Alvarelos, Lois. *Contos populares da Galiza*. O Porto: Museu de Etnografía e Historia, 1968.

Croker, Thomas C. *Fairy Legends and Traditions of the South of Ireland*. 1825-1828.

<<http://www.sacred-texts.com/neu/celt/flat/>>

Filgueiras Rey, Ana. (2000) "Estudio antropológico da área do xacemento castrexo de Elviña." Plan Director do Castro de Elviña. Santiago de Compostela: USC.

Giraudon, Daniel. (2012) *Sur les chemins de l'Ankou : Croyances et légendes de la mort en Bretagne et pays celtiques*.Yoran Embanner.

Leite de Vasconcellos, José. *Etnografía Portuguesa*.Vol.VII. 1994

Risco, Vicente. (1979) "Etnografía, cultura espiritual". Otero Pedrayo, Ramón (Dir.). Historia de Galiza. Madrid: Akal, 255-762.

Sébillot, P.(1950) *Le Folklore de la Bretagne*. Paris.

Vaqueiro, Vitor (1998). Guía da Galiza máxica.Vigo: Galaxia,.

YEATS, W.B. (Ed) (1888). *Fairy and Folk Tales of the Irish Peasantry*. <<http://www.sacred-texts.com/neu/yeats/fip/index.htm>>



Foto do equipo de fútbol

Conforme á información do Relámpago, a foto corresponde á tempada 1939-1940, no campo de Pedralonga

De pé (de esquerda a dereita): Ris, Trancas, Alvarito, Rabachol e Antonio

Agachados (de esquerda a dereita): Luis, J.Rico, Manolo, Nión, Rafael e Rogelio.



Elviña 1920

Esta foto encóntrase no Centro de Documentación e Arquivo da Universidade da Coruña. É unha copia dixital dun orixinal analóxico. A foto foi realizada por Ángel Blanco Villar aproximadamente no ano 1920.

Na foto pódese ver a aldea de Elviña tal e como era no primeiro cuarto do século XX, coas súas casas, a súas eiras, roupa a secar sobre calquer silveiro. É unha imaxe moi interesante porque se ven cousas que aínda están e outras que non. Por exemplo se ve o vello cruceiro desaparecido, e que deu nome ao Cruceiro. Vese, esquerda da imaxe, o hórreo de Trancas, e tamén se ven outros que xa non están.

Destaca o horizonte, que se ve libre de edificios. No fondo sobresaen a Torre a súa península que se ven facilmente desde Elviña.



Asociación Cultural e Recreativa Tempo Novo de Elviña e Castro

Praza Emilio Jaspe Deza, nº1 / Elviña. 15008 A Coruña / srctemponovo@gmail.com